





Os textos que este libro recolle foron publicados con anterioridade pola revista **Herria 2000** de Donosti.

Dereitos reservados para todo o mundo, incluído o Papa
© Colectivo]. Agirre, 2002.
© da edición: Noitarenga S.C.
Santiago de Compostela, novembro 2002, Galiza. © © da traducción: Luis Martul.
I.S.B.N.: 84-920742-1-3
Depósito- Legal: C-488-2003
Imprime: LITONOR

O traductor desta obra quere adicarlle o seu traballo a Nicolás Xamardo, galego loitador en Euskal Herría, por non ceder no seu desexo.

EUSKAL HERRÍA - Lugar do acontecimiento

INDICE

1- Nova política e movimentos populares 2
2- Un novo nó da política 9
3- O proceso de integración estatal e as suas leis 14
4- Terceira vía e integración estatal..... 23
5- A política como consenso ou como división?..... 32
6- Verbo do Proprio 38
7- Imaxinarios, teatralidade, acontecimento: Os acordos de Lizarra-Garazi.....44

1- Nova política e movimentos populares

Crise da representación e condicións para a nova política

Segundo o filósofo Alain Badiou, toda política ten que afrontar un proceso de artellamento de tres elementos: o pobo, as organizacións políticas e sociais e o Estado. Unha política consiste para Badiou en procurar obxectivos artellando os tres componentes devanditos. A concepción clásica deste artellamento pasa sempre pola idea de repre-sentación. Para as catro grandes representacións históricas contemporáneas desa concepción (quer dicer, a revolucionaria, a fascista, a reformista e a conservadora liberal) hai un ponto de coincidencia: a política é a representación, por medio das organizacións, do conflicto -sexa este violento ou non, déase ou non dentro dunhas regras constitucionais- dos intereses e as ideoloxías de grupos ou clases determinados, e toda representación ten como alvo final o acceso ao Estado e o control do mesmo. Para estas catro orientacións, os partidos **[9]** (ou organizacións semellantes) son os intermediarios básicos entre o pobo e as organizacións sociais, por unha banda, e o Estado, pola outra. Estas políticas, convertidas ao fin en *políticas de Estado*, declaran que os partidos organizan e realizan o esencial da política.

O estancamento das políticas de ruptura de carácter revolucionario, atrapadas elas tamén na idea de representación, deixaron a vía libre á idea do parlamentarismo, hoxe amplamente dominante no mundo. No modelo parlamentar a política está subordinada ao Estado, xa que o artellamento completo entre pobo, organizacións e Estado, se organiza a través do proceso electoral, segundo unhas regras fixadas polo proprio Estado, nun marco constitucional. Dese xeito, a representación do pobo -e das suas organizacións sociais- polos partidos, convírtese en representación dos partidos no Estado. O Estado é aquí, por conseguinte, o alfa e o omega da política. A forma parlamentar contórmase pois, na actualidade, como a máis estábel, xa que exclue as rupturas, mantendo unha continuidade garantida polo Estado e o seu mecanismo represivo. Quizais se deba a esa razón que un antigo dirixente de HB, Txema Montero, chegase a afirmar que fóra das institucións non había case ningunha posibilidade de política. Así pois, o parlamentarismo constitue o sistema integrador por excelencia. Sendo os seus principios basicamente consensuais e funcionais.

Malia o carácter evidente do exposto, a pregunta que nós facemos é a seguinte: Pode **[10]** existir outro tipo de política, que non sexa nin representativa nin parlamentar, que sosteña un ideal emancipador de xustiza e liberdade, que permita o exercizo dunha democracia participativa e non teña o Estado e o poder político como refe-rentes? No pasado temos lanzado a hipótese da existencia en Euskal Herría desa política, que é á vez local e universal. Política que foi formulada historicamente en pleno franquismo baixo o nome de Liberación nacional e social. Política de contido nacional que ten os seus enunciados proprios: soberanía, autodeterminación, euskaldunización, independencia e socialismo. Política cuxo suxeito abstracto denominamos Pobo, entendido este non como un conxunto social preconstituido ou

agrupación de sectores sociais, senón como unha categoría política que enuncia e desenvolve unha posibilidade política emancipadora.

Á figura política concreta, expresión histórica presentada na situación, do devandito suxeito, denominámola MLNV. E entendemos este non só en relación cos seus componentes estructurais formados polas organizacións políticas e sociais da esquerda abertzale, senón como artellamento non orgánico, invisíbel, desligado formalmente, de agrupacións políticas singulares coñecidas como movimentos populares. Con independencia da sua vinculación estructural, ou non, co mundo representado da esquerda abertzale, e con independencia da sua posición subxectiva e orgánica **[11]** respecto à parte máis estructurada do MLNV, estes movimentos, ao despregaren sensibilidades populares e nacionais comprometidas co proceso de Aberación nacional, ao abriren procesos locais e electivos de construcción nacional, e ao asumiren as reivindicacións e enunciados do movimento slobal, podémolos considerar formando parte do MLNV.

Son, por dicilo dalgún xeito, os irrepresentábeis do movimento, os lugares inconsistentes (non estructurais) da consistencia política xeral que designamos como MLNV. Non é de extrañar pois, que o Estado, non sendo quen de representalos, xa que non operan segundo a lóxica da representación, os incluaben ou mal- no *entorno* de ETA, aínda que de feito non manteñan relacións organizativas coa devandita organización. O seu pecado é o de formar parte deses lugares especiais da política chamados movimentos populares.

A política de liberación nacional levada polos movimentos populares ou polas organizacións políticas en canto actuan como tais, teñen unhas características que son expresión dunha política emancipadora de novo tipo, diferente da clásica:

> **a/** Non é representativa. Preséntase directamente. Trátase de procesos políticos e non de represen-tacións. Nos modos representativos da política supoñíase a existencia dunha conciencia supe-rior, encarnada por un partido que representaba aos membros dunha clase, un grupo ou unha **[12]** corrente de opinión. O partido constituíase deste xeito en depositario máximo dun saber político e intérprete privilexiado das leis sociais e da realidade. O partido aparecía como espazo fundamental de reflexión e actuación políticas e os militantes axustábanse a unhas estrictas regras de comportamento e acción. Nos principios organizativos dos partidos revolucionarios intentábanse artellar os múltiples sociais ou políticos por medio dunha organización representativa: Eses múltiples considerábanse representados, recoñecidos, encarnados, manifestados ou concentrados pola organización e a sua complicada rede xerárquica que tiña sempre no vértice piramidal un dirixente máximo. Ese Un organizado, ese partido líder, considerábase que concentraba e representaba as virtudes dos múltiples sociais e populares aos que pretendía unificar e dirixir. Na nosa opinión, cómpre superar esta figura política xa que está completamente periclitada. Unha organización non pode pretender representar conxuntos sociais amplos (clase, pobo....), xa que estes son heteroxéneos e non funcionan baixo principios ou intereses comúns, sendo a sua condición conflictiva e inconsistente. Tampouco é posíbel representar suxeitos políticos, como os movimentos populares, que son irrepresentábeis. Como representar, por

exemplo, a capacidade política ilimitada, a creatividade e subxectividade desenvolvidas por movimentos como os **[13]** Solidarios, que operan baixo planiticacións non visibeis, aparicións repentinas e torsións militantes inauditas? Como representar algo que non está suxeito a intereses concretos -base de toda representación e delegación-, senón que se rexe por principios desinteresados tais como Xustiza, Liberdade, Igualdade e Solidariedade? Non existen regras tormais canto á organización. Non hai un esquema de organización previo que represente algo (clase, grupo, ideo-loxía, pobo ou conxunto social); o que hai son múltiples políticos (movimentos populares), que actuan en procesos específicos e localizábeis nun lugar, o lugar da política. Estes procesos políticos, colectivamente organizados, manifféstanse nos seus enunciados, que se volven activos nun lugar mediante un exercicio persistente de práctica pensada. E nalgúns casos, como en Euskal Herría, eses procesos políticos chegan a compor unha política, a política de liberación nacional e social de Euskal Herría.

b/ A política non procura o poder do Estado. No noso caso máis perto sería o poder no seo das institucións do Estado español, mais non só aí, tampouco o vai procurar naquelas pertencentes a un futuro Estado basco proprio. Unha política de liberación nacional ten como función *forzar* o Estado, creando un espazo democrático onde a política poida manterse como singularidade. Unha política emancipadora é heteroxénea con respecto ao Estado e non o ten **[14]** como referente. O cal non significa que se prescinda do Estado e que non se efectuen *prescripcións* con respecto a el. A política demanda ás veces, nos procesos concretos, enfrontarse ao Estado, chegar a acordos con el ou actuar á marxe del. Mais todas estas relacións, tanto de acordo como de confrontación, deben estar guiadas polos principios de independencia da política con respecto ao Estado. Cómpre ter unha concepción da acción militante separada da perspectiva de ocupar o Estado e representar a grupos sociais. A política entendida deste xeito consiste máis ben na producción e organización no interior da sociedade de rupturas subxectivas, e o desenvolvimento de capacidades e iniciativas que valen por si mesmas, obrigando ás veces o Estado a facer unha cousa ou outra. A política ten que estar despegada, afastada, das figuras relacionadas coa ambición polo poder.

c/ A política non debe ser xurídixa senón subxec-tiva. Non debe estar rexida pola supeditación á lei, senón á Xustiza. Aínda que obrigue a cambios legais, en si non debe estar atada a principio nin dirección legal algunha. Na sua esencia é ilegal ou fóra-da-lei.

d/ Unha política non debe ter como guía principal referentes particulares ligados a intereses concretos de grupo, clase ou de comunidade no sentido substancialista. O que ela diga, proclame e organice debe ser universal e desinteresado. Aínda que, iso si, non en abstracto e **[15]** si partindo de situacións concretas, no si partindo de situación concretas, no noso caso de Euskal Herría como nación independente

e/ Unha política tomada no seu aspecto organizativo como proceso político colectivo non debe ser tomada no sentido de partido (parte), porque partido hoxendía, signitica organización estatal, quer dicer, organización determinada polo Estado. Unha política

nova obriga a pensar un artellamento distinto do clásico entre organización política e movimentos populares e sociais.

Características dos movimentos populares

A natureza da política de liberación nacional forza a que calquer situación particular en Euskal Herría poida se constituir potencialmente en lugar da política e en consecuencia en campo de intervención de movimentos populares que xurden e actuan. Diso non se deriva que cada situación concreta se conforme inevitabelmente como lugar da política, xa que o nacimento dos movimentos populares se encontra sometido ao azar dos acontecimentos e non ao devir determinista dunha política que se presentaría sen máis en calquer lugar conflictivo. Unha política dase necesariamente en situación, mais non pode abranguer a multiplicidade de situacións concretas que a contorman. Dai derívase que os movimentos populares coexistan con outros tipos de organizacións sociais que sosteñen contradiccións non **[16]** antagónicas (non políticas) co Estado. Trátase de instancias conflictivas *clásicas*, non atrapadas polo antagonismo Estado-nación. Ás veces resulta difícil disterar empiricamente entre movimentos sociais e populares xa que tenden a confundirse a miúdo na realidade social. Isto obriga a unha análise política subxectiva, en interioridade, para os discernir.

Definiremos un movimento popular como aquel colectivo de carácter popular e nacional que reivindica obxectivos concretos ou xerais inscritos claramente nunha problemática nacional. Ese colectivo actua en situacións específicas (políticas, ecolóxicas, militares, lingüísticas, sociais, etc.) mantendo un antagonismo de carácter político co Estado como consecuencia da natureza das suas formulacións e métodos utilizados. Implica unha alteración parcial e total das leis, normas, regras ou modos de funcionamento que rexen esa determinada situación, pondo en tea de xuízo, non só un aspecto pontual da orde institucional senón, ás veces, a raíz íntima desa orde, os principios de autoridade e de dominación que artellan e estabilizan o funcionamento interno do sistema de poder considerado no seu conxunto. Diremos, pois, que un movimento popular interrompe o tuncionamento regular da situación tal como está regrada, excedendo á lei do lugar e propondo alternativas que implican un cambio das normas polí-tico-xurídicas que regulamentan o espazo político concreto no que eses movimentos actuan. **[17]**

Un movimento social distínguese doutro popular en que o primeiro inscrebe as suas contra-diccións e oposición no seo do marco definido pola estructura social e o Estado, sen pór en entredito os esteos que o fundamentan, ou reivindicando cambios xurídicos ou de comportamento que non deixan de estar inscritos dentro da lóxica tolerada Polo poder e as institucións representativas. Por iso o seu carácter definímolo como social, xa que os seus entrontamentos co sistema non alcanzan a dimensión de conflicto político antagónico. Os movimentos sociais, malia a sua disparidade de intereses ou obxectivos, manteñen basicamente unha característica común: a necesidade de referir ao dereito e á orde social vixente de dominación as suas reivindicacións sectoriais e individuais. Pódese dicer que as suas intervencións son armonizadoras e tentan mellorar o funcionamento do sistema establecido. Mentres que os movimentos populares son rupturistas e loitan para alteralo e transtormalo en profundidade.

Un movimento popular xurde no mesmo acto en que unha *intervención militante* nomea un *acontecimento* ou *unha interrupción* dun discurso, norma ou lei anterior, nunha situación local atravesada por unha política nacional, e marca nesa situación unha determinada posición.Ese acto de intervención é froito dunha *aposta* non planiticada, que implica unha postura previas unha decisión, consecuencia, á sua vez, dunha análise, dunha valoración e dunha *interpretación* **[18]** desa situación que está a ser modificada polas inte-rrupcións dos saberes existentes e das normas e relacións que a estructuraban. Así, por exemplo, nunha situación ecolóxica especial, xerada pola loita contra a autovía de Leizarán, xurde a iniciativa *Lurraldea*, que nomea, ou da nome, ao movimento popular constituido nese intre como tal polo mesmo acto da sua intervención. Un movimento popular non nace pois dunha consistencia estructural previa, dunha ligazón, senón que, pola contra, nace dunha desligazón da orde anterior que estructuraba a situación. Procede, por así dicer, do vacío desa situación, daquelas raíces que en troques de atar, desatan. Como sinala Txus Congil, membro de Askagintza, ao explicar a irrupción do movimento popular dedicado á loita contra as causas da drogodependencia: "As raíces non sempre atan, ademais xeneran forza e vida, e sobre todo axúdannos a construir o futuro (ese mañá que estamos parindo hoxe)".

Todo movimento popular irrompe nun principio como resposta a unhas agresións ou a un estado de opresión que nun contexto determinado un colectivo interpreta como insoportábeis, sentindo a necesidade, nun intre concreto, de dicer non a esa situación inxusta. Surxe así un suxeito colectivo que decide intervir a través dun acto que inaugura o comezo da vida dun novo movimento que nace sen planiticar e onde non existen a priori pautas nin directrices que determinen cal vai ser a sua traxectoria e o seu funcionamento. Segundo **[19]** Txus Congil: "Un movimento popular é como unha criatura humana. Esta naceu sen planiticar, como impulso e desexo de vida (...)".

Un movimento popular percorre unha traxectoria política como *tidelidade* ao acontecimento que o fixo nacer, un camião até entón inexistente, que efectua mediante enunciados prescriptivos e hipóteses e onde hai decisións en acto, escrituras, reflexións políticas, consignas, directivas, etc. Un movimento popular participa dun proceso que produce unha transtormación na situación concreta, uns efectos inicialmente imprevisíbeis xa que están sometidos á incertidume, as interven-cións militantes. Un movimento popular percorre unha traxectoria regulada, mais cuxa regra é interna, propria do movimento e, portanto, unicamente evaluábel á fin do percorrido. Un movimento aposta a un *imposíbel* da situación (aquilo que o estado dominante das cousas non permite considerar), formulándoo como posíbel e actuando en consecuencia.

Os movimentos populares son espazos de formulación dunha política liberadora cuxo fundamento é un pensar-facer, un pensamento en acto; quer dicer, teorizar e practicar na transtormación de situacións irrepetibeis. Unha política está diri-xida a todos, é universal e non está limitada ás estreitas marxes dos partidos. Os movimentos populares son lugares de pensamento onde se forma a auténtica militancia política. A política que desenvolven é desinteresada, gratuita, e o seu **[20]** obxectivo é resolver problemas que eles mesmos formulan. Ao contrario da política concibida en clave de representación estatal, que é repetitiva, interesada, nunca gratuita, e ten como principal orientación a procura do poder.

Aínda que o poder e o Estado son elementos que forman parte do pensamento da política efectuada polos movi-mentos populares, esta, en si, non se identifica con eles. A política é creación e invención e non repetición baseada nun coñecimento previo, nin representación organizada por un aparato. Un proceso de fidelidade non hai que evalualo polos seus *resultados*, quer dicer, pola sua capacidade de conseguir os obxectivos inicialmente propostos, polo seu poder de institucionalización. Unha traxectoria política cómpre medila polos efectos producidos na situación, pola conciencia que crea, polas anovacións que xurden, polos espazos de liberdade conquistados, polas transformacións colectivas e individuais que emerxen, pola humanidade despregada. Os solidarios diciron en máis dunha ocasión que o importante son as experiencias vitais que fruiron, e non tanto o devir final concreto das causas que defenden, o cal, aínda sendo importante, aparece como horizonte incerto. Recolamos ao respecto unhas palabras de Jonan Fernández, na sua época de coordinador de *Lurraldea*: "A militancia de *Lurraldea* viviu un tempo de intensidade e de emoción apaixonante, traballouse en equipa, aprendéronse tantas cousas que máis que unha experiencia foi unha universi- **[21]** dade para todos os/as membros de Lurraldea. Sentimos que a solidariedade, a traternidade e o compromiso son factores de felicidade. Temos amado, chorado, rido e soñado xuntos. Temos vivido. Temos navegado nun barquino que nos conduciu a unha aventura impensábel e a viaxe e o seu destino permitíronnos dexergar, non moi lonxe, a utopía".

Todo movimento popular precisa dotarse dunha organización para a sua consistencia politica, que pode estar máis ou menos estructurada dependendo do proceso político en curso. Ás veces é lixeira e sinxela, como no caso dos solidarios, e ás veces dispón dun complexo aparato, como sucede con algunhas organizacións populares que prestan servizos como as Ikastolas, AEK, medios de comunicación, etc. Mais sexa cal sexa a sua dimensión e tarefas, toda organización popular ten que estar anoada a un proceso de intervención. Sendo esta organización producto e consecuencia do devandito proceso e, á sua vez, a sua condición de desenvolvimento. Non hai un lugar estructural anticipadamente definido que sirva de acollida ao pensamento-facer dunha política. Xa dixemos que carece de sentido falar dunha organización substancial, conciencia emancipadora e forxadora de suxeitos políticos, depositaria de saberes teóricos para facer a política. A organización popular é sempre provisional, aleatoria, continuamente modificábel, dependendo da situación e do proceso polí- **[22]** tico. É lugar de discusión dos resultados de experiencias únicas, e a sua natureza é subxectiva. Trátase dun corpo político autoorganizado para os seus proprios fins e non unha estructura formal previamente definida. Daí que os seus procedimentos sexan asemblearios e teñan relación con expresións de democracia directa, horizontal, xa que é espazo de encontro de matriz igualitaria e está lonxe, en canto principio orien-tativo, de todo predominio da delegación, repre-sentación ou enfoque institucional.

Unha organización política nova ten que ser a transmisora dos seus enunciados, alén do seu proprio lugar. Necesita, portanto, conectar co pobo mediante *viciñanzas*, quer dicer, apoios solidarios para expandirse e reforzar as suas mensaxes. Ten que actuar como ponto de acumulación capaz de multiplicar os seus efectos na situación, como garantía da sua potencia. Algunhas veces (Lurraldea, Lemoiz, Ikastolas...) un movimento popular convírtese en expresión concentrada do conflicto global, ao conseguir aglutinar e mobilizar a un amplo sector da sociedade. Isto conduce a unha expansión ilimitada do colectivo inicial, distorsionando todo

o sistema político-social de dominación, que fica así fondamente trastornado. Un movimento popular vén, pois, caracterizado polas suas declaracións, enunciados, pensamento activo, consistencia organizativa e efectos de ruptura na situación. **[23]**

A dialéctica entre movimento popular e movimento social

Sabemos que loita xestionaria (propria dos movimentos sociais) e movimentos populares considerados separadamente, son termos que non se corresponden, porque a primeira está enteira-mente dominada pola hexemonía do Estado, a negociación e o posibilismo, e os segundos son lugares dunha política que cambia os discursos, ideas, principios e comportamentos da orde social vixente. Sen embargo, na realidade, un movimento popular encóntrase cindido entre o fóra-de-lugar dun lugar estructurado, e unha ocupación -conflictiva- dese lugar ou movimento social. Porque todo movimento popular é asemade exceso e estructura, ligazón e desligazón, lugar e fóra de lugar. Daí que haxa unha *subxectivación* basculante entre movimento popular e movimento social, como hai un basculamento do suxeito entre *coraxe* (exceso) e *angustia* (lugar alterado). Chamaremos pois *movimento popular en situación* ao colectivo cuxo proceso político está comandado polo fóra-de-lugar, e movimento social en situación, cando o está polo seu lugar. Diremos que os procedimentos de xestión dun movimento popular son parte integrante do seu proceso de fidelidade, cando aqueles sirven para consolidar a nova situación transfor-mada, para emprazar nun espazo anovado, as conquistas obtidas. Se se rompe o fío conductor que liga a xestión coa ruptura política, a adminis- **[24]** tración do movimento cos seus principios e xestos fundadores, entón o movimento popular vólvese social. E este, nunha segunda fase, en organización estatal, quer dicer, nunha pura e simples integración. Isto é o sucedido, por exemplo, coa maioría das ikastolas que se integraron na rede estatal. Un movimento popular, sobre todo se ten unha función de prestación de servizos, sitúase inevitabelmente nun espazo estatal dado, coas suas leis, institucións, subvencións e directrices. Neste senso, o colectivo popular precisa, para o seu desenvolvimento, negociar, adaptarse ás normas, chegar a acordos, quer dicer, aceptar parcialmente a lóxica dominante. Un movimento popular mantén a sua capacidade de tal, cando sostén os seus proprios principios para despregar os seus proprios resultados e continuar así a sua propria marcha na dirección da construcción nacional e popular. Unha negociación é política non tanto polo resultado obtido como porque pode servir para manter a causa que o sostén, causa que obriga ás veces ao poder a negociar fóra do seu lugar natural -as institucións-, sen que o colectivo se pregue ao xogo delegacionista ou ser un simples percibidor de ingresos e privilexios materiais. Este foi o caso da tase de negociación, acordo de Lurraldea e tamén, entre outros, algúns pactos levados a cabo pola Administración con AEK, Egunkaria e as Ikastolas.

Un movimento social se non logra excederse cara a coraxe (como fixo a Coordinadora anti- **[25]** autovía, que se transtormou en movimento popular Lurraldea), tende a desaparecer ou ben, como dixemos, a integrarse no lugar de emprazamento estatal. Un recente exemplo disto constitúeo a recollida de asinaturas a prol dunha carta social que vise un mínimo salarial para todo o mundo, e que se presentou no parlamento de Gasteiz. O atán constante adicado polos seus promotores a que o asunto non se politizase, concluíu nunha pobre resposta institucional á iniciativa e nas conseguintes acusacións dos organizadores dirixidas contra todos os partidos

políticos. O que indica claramente que nunca comprenderon cales eran os límites dunha política destinada ás estreitas marxes do ámbito político representativo. Tamén o triste devir do movimento social Elkarri, desde as suas orixes até a sua actual supeditación ao poder político é outro exemplo do que dicemos: algúns dos antigos suxeitos militantes de Lurraldea convertíronse primeiro en actores activos e logo pasivos dunha crito polo poder. representación cuxo texto foi totalmente preescrito polo poder. **[26]**

2- Un novo nó da política

Características da nova política

A experiencia ten demostrado dabondo que a concepción clásica -representativa- da política acaba con toda política emancipadora entendida como proceso inacabado que practica a xustiza e tende cara a igualdade. Con anterioridade manifestamos que esta política, entendida como pensamento emancipador, está xa esgotada, non é operativa e o seu ciclo histórico concluíu. Propúñamos tamén a hipótese de que a nova política, vencellada agora a enunciados nacionais e non de clase, tiña que ser **non representativa**, **subxectiva**, e non debera ter como referencia o **Estado**, nin ser tomada no sentido de **Partido**, nin guiada polo concepto de **interés**:

Non representativa: Unha política nova ten que desvincularse da idea de representación. Ten que presentar singularidades nunha situación na que non son representábeis no Estado. Estas **[27]** singularidades que designamos como movimentos populares, pensan a política como acción colectiva non regulada polo poder dominante e as suas leis. Por iso, as suas prácticas serán imprevisibeis e non encadrábeis nunha lóxica da repetición. Constituen rupturas locais da situación e descreben traxectorias subrectivas nunha dirección prescriptiva da igualdade. O obsectivo da política, se esta se pode formular en termos de obxectivo, sería aquela idea de Sartre: "o comunismo das singularidades", que nós entendemos como a proliferación de movimentos populares desligados do Estado que construen espazos subxectivos autónomos onde a liberdade e a igualdade poden exercerse.

Subxectiva: Unha política nova ten que se desligar do obxectivismo científico proprio da denominada política de clase. Unha política non ten que se formular en termos de conciencia de clase nin de grupo social algún, como se fose unha emanación en reflexo con relación a un obxecto social capaz de ser representado. Unha política nova ten que ser simplemente subxectiva, sendo un pensamento de relación non coa realidade existente, senón co real. Entendendo este último concepto como aquilo que advén, interrompindo o discurso dominante. É ruptura e corte co que hai, proceso interno inventado, enteramente apoiado en enunciados prescriptivos, principios e prácticas militantes de acción e pensamento. Unha política **[28]** non é a determinación subxectiva dun obxecto social dado, nin o proceso operatorio dunha lei exterior mediado por un partido na dirección do Estado. É pensamento sobre si mesma;

debate, discusión e posta en práctica sobre si mesma; invención de traxectorias que non son as do mundo tal como se encontra contigurado.

Non estatal: Unha política nova ten que manterse a distancia do Estado, xa que este non é propiamente da política, posto que a sua lei interna é a repetición. O Estado moderno parlamentar é funcional e consensual. Funcional, no sentido de que posue capacidade para cumprir certas funcións como a xestión de servizos colec-tivos, unha certa regulación económica e social e o sostén territorial e de seguridade. Consensual, no sentido de que procura denominadores comúns capaces de promover a paz social e uns acordos mínimos entre a cidadanía que permiten o maior grau posíbel de estabilidade. Sen embargo, unha política emancipadora non procura nin xestionar nin estabilizar. É unha invención que propón a auto-organización do pobo para os seus proprios fins emancipadores, sen estar artellada polo Estado nin telo como referente. É un pensamento actuante que non procura ocupar o Estado senón constranxilo, forzalo, nun sentido que permita a devandita auto-organización popular. A política ten que ser quen de impor ao Estado traxectos sociais e subxectivos enteiramente novos. **[29]**

Sen partido: Unha politics nova precisa dunha organización diterente á de partido, xa que modalidade subordinou a política ao Estado, conducindo á crise de toda política emancipadora.Trátase de inventar unha organización política que non subordine os movimentos populares e de masas nin ao poder nin ao Estado. Unha organización que non se formule o poder como obxectivo a alcanzar, mais que sexa quen de organizar conxuntamente a vontade política da xente. Cómpre substituir a idea de Partido, como fornecefor da forza obxectiva do Estado para a política, pola idea de organización como campo de despregue da forza subxectiva popular a distancia do Estado. Por iso cómpre idear unha nova relación entre movimento e política, que coloque no centro a capacidade política da xente, e á organización nunha lóxica distinta da do poder.

Desinteresada: É preciso romper coa vella idea da política como defensora de intereses, sexan estes particulares, concretos, xerais, maoritarios ou minoritarios, xa que a política emancipadora é algo máis que a satisfacción de certas reivindicción. Cómpre afirmar que a política verdadeira e desinteresada. A sua lóxica non é a do munde (como conxunto de relacións sociais), xa que este está sempre rexido polo principio do interés. A Política non é un medio para conseguir cousas, é unha atirmación de que outro mundo é posíbel. Afirmación realizada nun ponto determinado, pois **[30]** é a partir do singular, ergo localizado, como se expresa que outro mundo é posíbel. A política emancipadora é, por conseguinte, universal, mais a partir dunha determinada localización. A política é pensamento-práctica sobre enunciados de Igualdade, Xustiza e Liberdade que concernen a toda a Humanidade. Estes non conteñen ningún interés concreto, xa que a sua natureza é desintere-sada. De haber un interés común, este sería o da Humanidade. A misión da política non é resolver decontado os problemas da xente, sendo máis ben unha xeradora deles. Tampouco é unha promesa sobre un futuro venturoso onde a Paz, a Xustiza e a Liberdade fiquen implantadas definitivamente. A política é compromiso militante -sempre duro e difícil- nas cuestións relativas á Liberdade e á Igualdade, nun proceso colectivo case sempre de longa duración e no cal os suxeitos políticos practican -localmente e temporalmente- os valores devanditos.

Unha política nova obríganos, polo tanto, a pensar un artellamento distinto do clásico entre Movimento, Organización Política e Estado. Para iso, debemos suprimir o Estado como un dos seus termos. Pois como temos sinalado, o Estado non constitue en propriedade un campo da política, entendida esta como proceso emancipador, iguali-tario e libre. A política emancipadora está descentrada con respecto ao Estado, o cal sen dúbida constitue un aspecto importante no funcionamento político e co cal toda política ten, antes ou **[31]** despois, que se encontrar. Mais que o Estado condicione non signilica que a política o deba ter como eixo de referencia e menos como cuestión central. Daí, que sexa necesaria a sua eliminación á hora de artellar a nova política en interioridade. Cómpre pensar a política non a partir do Estado, senón do suxeito político, polo cal debemos eliminar tamén, como termo, a concepción de partido, no presente completamente suturada ao Estado, e por conseguinte ausente de toda consideración política. Por último, tamén cremos que é convinte extremar do nó da política ás chamadas Organizacións Sociais (sindicatos, asociacións sociais....) xa que actualmente se encontran integradas como partes no Estado, sendo componentes del e caen na lóxica do interés e da representación, allea a experiencia propiamente política.

Fícannos, polo tanto, o Movimento, por unha banda, e a Nova Organización Política, pola outra. Como compor entón o nó da política, unha vez suprimido o Estado? Para iso decidimos dividir a noción de movimento en dous termos: os Movimentos de Masas, condición necesaria da política, concentración subxectiva azarosa do poder popular e os Movimentos Populares, que expresan a fidelidade aos acontecimentos políticos e trazan as traxectorias subxectivas emancipadoras.

Podemos definir os Movimentos de Masas como **subxectivación militante** que manifestan, no momento histórico, valores de Xustiza, Igualdade e Solidariedade, e a través dos cuais se convoca ás **[32]** masas populares á movilización xeral para a sua materialización concreta nos diferentes procesos políticos. Podémolos considerar como a expresión da forza popular obxectiva e teñen un carácter aleatorio e máis ou menos espontáneo, aínda que na sua natureza está o ser elímeros e tender á sua desaparición dunha torma máis ou menos rápida. Xurden de forma impredicibel e non planificada e conteñen un exceso, un suplemento de acontecimento que vai máis alá da combinatoria sinxela dos elementos que o constituen: un algo máis que se dirixe no seu xurdimento a todos. Daí a sua forza irruptora na situación. Sen embargo, dadas as suas características de dispersión e despregue pontual, non podemos consideralas en si como suxeitos políticos.

Por outra banda, definimos os **Movimentos Populares** como os núcleos subxectivos de procesos políticos singulares (**procesos subxectivos)**. Estes procesos están encarnados por colectivos variábeis, presentados en cada situación histórica mais non representados no Estado. Construen, no seu actuar conxunto no tempo, unha verdade xenérica e inacabábel. Podémolos considerar como a forza subxectiva da política que, ao contrario que os movimentos de masas, posuen un carácter permanente e organizado. Na nosa opinión son estes os suxeitos da nova política, e confórmanse como singularidades locais dela.

Entendemos que a **Nova Organización Política** (NOP) debería constituir un operador fiel que **[33]** compoña e concentre os proxectos políticos locais dentro dun proxecto político global. Conforma-ríase así como un lugar de acollida e apoio das diferentes iniciativas populares. La NOP, tal como a entendemos, non é representativa, non dirixe os movimentos e, polo tanto, non pode rexer aquí a concepción de avangarda que se lle outor-gaba ao partido. E preciso superar aquela idea-forza de Lenin, presente ao longo do século XX: as masas están divididas en clases, as clases están representadas por partidos e os partidos están conducidos polos dirixentes. Segundo Lenin é o abo do marxismo. Mais, como di Alain Badiou, "xa non podemos funcionar con ese abcedario".

A existencia dunha política emancipadora vai depender, pois, segundo a nosa formulación, de tres bucles: Movimentos de Masas, Movimentos Populares e Organización Política. A ruptura de calquer deles espallaría os termos e impediría a existencia mesma da política. O traballo militante dos nosos días consistirá, entón, en desanoar o nó da anterior política clasista e anoar un novo. Na nosa hipótese (que é unha prescripción), a política nacional formulada nos nosos días, e que ten en Euskal Herría un lugar privilexiado de manifestación, é quen de soster no artela-mento dos tres termos, o nó da política emancipadora.

A Nova Organización Política

Unha NOP non pode pretender ser un eteto da política, unha inscrición nunha liña de causali-**[34]** dade. Tampouco pode considerarse o volume dun corpo organizativo que encarnaría unha política como tal. Unha política é irrepresentábel en calquer organización, porque a política se exerce normalmente fóra do lugar estructurado onde se situa a organización: nos Movimentos Populares. Tampouco é instrumento dunha operación planificábel, non é ferramenta da política, xa que esta é inacabábel, pois o seu alvo é xenérico (liberación nacional e social, comunismo, liberdade polí-tica....). Se ben unha política formula obxectivos concretos e xerais, e tenta alcanzar determinados resultados, a sua natureza como tal excede estas formulacións, estes obxectivos máis ou menos inmediatos. Ningunha organización pode ser o instrumento planificador dunha traxectoria deste tipo. Ningunha organización finita pode ser o instrumento dun proceso infinito ou ilimitado. Mentres a organización ten que ir mudando no tempo e é, polo tanto, unha ferramenta hetero-xénea, a política, pola sua banda, é homoxénea.
Unha NOP ten que ser un procedimento de conservación dun nó sempre en perigo de desaparición pola dispersión dos seus componentes. Unha NOP ten que ser anoante, subtraida en parte á representación estatal, difusamente apreendida polo poder e non algo transparente, distin-guíbel e parlamentar. Non debe se constituir no guardador e equilibrador das diversas faccións nin no aparato xestionador das suas loitas e diferencias. Non ten que ser fiel **[35]** a si mesma, senón fiel aos Movimentos Populares e aos enunciados polí-ticos.

A NOP como preservadora do nó da política, é o guardador, non da política en si, que non admite representación, senón da sua coerencia, da sua historicidade; quer dicer, da sua presentación histórica, do seu mantemento no seu tempo histó-rico. Para iso debe exercer diversas funcións: unha tarefa fundamental da NOP é impedir que se convirta en antagónica a dimensión estructural do aparato organizativo e a natureza non estructural da política, porque a NOP como estructura organizativa tende sempre a apolarse no externo, planificar e marcar

obxectivos realizábeis. Ten medo ao baleiro, medo ao exceso sobre o emprazamento organizado, á traxectoria subxectiva dos Movimentos Populares que se rexen por normas proprias, subtraídas ao coñecimento exterior. A NOP como aparato, ten afeizón ao lugar onde desempeña a sua función e vocación de reencher ocos vacíos, concretar, fixar e controlar, xa que representa, neste sentido, a obxectividade da política. Procura, pois, inexorabelmente, o estado de opinión da sociedade, o comentario xornaístico, o cuantificábel, o número, a relación co Estado, a estadística electoral, a referencia medibel, veriti-cábel e evaluábel. En resumo, todo o contrario da Política entendida como proceso irrepresentábel. Mentres que a NOP se rexe normalmente polas normas de xerarquía, división do traballo e conti-nuidade operativa, a política é igualitaria, homo- **[36]** xénea e discontinua. A única maneira de resolver esta contradicción é introducir a política no interior da Organización, fundamentalmente a través da subxectivación militante encarnada por un núcleo dela.

A NOP ten como misión fixarlle aos Movimentos Populares un lugar de acollida no que non se repartan consignas nin instruccións ou ordes cara destinos concretos. Trátase de ofrecerlles un ponto de referencia para a toma de decisións, que son as proprias de cada movimento, un apoio, unha orientación, cando esta é difícil, porque a política como proceso subxectivo a fan os Movimentos Populares e non a organización, que só dá coerencia e consistencia a esa política.

A NOP ten tamén como función a de fomentar e facer proliterar os militantes e os Movimentos Populares. Ten que se constituir en espazo de acollida de todos eles sen excepción, convirtíndose nunha especie de agra aberta para aqueles que están realmente mergullados no proceso político. Nesta acollida, non se debería exixir ningunha condición especial, nin sinalar criterios particulares de presencia, excepto, natu-ralmente, o da sua fidelidade ao proceso. Non deberían existir probas ideolóxicas nin compromisos vinculantes con respecto á Organización, porque esta é espazo de acollida e disposición conxunta das verdades emanadas dos movimentos e non un fin en si mesma. Debería configurarse como lugar de paso, apoio e sostemento dos **[37]** suxeitos políticos, nunca un lugar de parada, alvo final ou tin en si mesmo. Ten que tornecer de alimento, dar acubillo e estimular aos Movimentos Populares na longa marcha do proceso de libera-ción nacional. Para este fin, a NOP precisa recoler e avaliar as experiencias, loitas, novidades, realizacións, estudos e traballos dos movimentos populares, integrándoos en proxectos de carácter xeral que, a sua vez, servirán de orientación ao movimento global. A NOP, no seu aspecto de aparello organizativo, non constitue un lugar de creación de novidades ou fomento de subxectivi-dades políticas militantes, aínda que pode xene-ralas na sua dimensión de subxectividade mili-tante. É máis ben un lugar de acollida e distribución de todas elas de cara o corpo social, co fin de incorporar os achados, os logros, as experiencias e as creacións proprias dos movimentos populares, actores locais principais da política.

A NOP ten que se constituir en firme esteo político, económico e social de todas as manifestacións da política, potenciando, sinalando e propugnando o carácter novedoso dos resultados obtidos polos movimentos populares. E iso, por riba da sua maior ou menor rendabilidade política, económica e social, por riba das denuncias do poder sobre o carácter non recomendábel dos suxeitos políticos, por riba mesmo das críticas dos proprios membros

internos da organización, esta ten como deber difundir e espallar os pensa-mentos, as obras, as realizacións, os escritos, as **[38]** análises e os comportamentos dos suxeitos da política.

A NOP ten que se constituir en enlace entre os Movimentos Populares e os das Masas, contribuindo ao espallamento e proliferación dos primeiros e á sua conexión cos segundos a través do seu recoñecimento como tais. Aínda que o modo de operar da NOP é diferente ao dos Movimentos Populares, pois trata de compor conxuntamente os proxectos concretos de cada un deles, transformándoos nun proxecto global transmitido á sociedade, un núcleo dos seus membros ten que ser apto para circular por toda a extensión do nó da política, para manter o artellamento do conxunto. Ese núcleo ten que participar, por conseguinte, nas experiencias vivas dos movimentos. Os seus membros teñen que se constituir, por tanto, tamén en suxeitos políticos, xa que a sua función non é só a de artellar a rede de necesidades inmediatas da organización, senón efectuar o enlace do proceso político xeral, o finito dos suxeitos e a multiplicidade das traxectorias trazadas polos Movimentos Populares.

O núcleo que garante a fidelidade política da Organización constitue o aspecto subxectivo, a parte conectada coa política, o exceso sobre o asento estructural, quer dicer, sobre a Organización como aparello. Porque unha NOP ten que ser, dialecticamente, aparello organizativo e subxectivación militante; quer dicer, asemade un lugar estructural e un fóra de lugar, ou sexa un **[39]** exceso encarregado de impregnar toda a organización coa política, e, polo tanto, *desarranxala* ás veces. O primeiro aspecto, o estructural, encamí-ase ao institucional, ao político, aínda que é singular; o segundo, o do movimento, oriéntase cara a política, cara a traxectoria militante que sostén a verdade política. Baixo este segundo ponto de vista, os componentes do núcleo fiel, son eles mesmos anovadores, arríscanse a cair baixo as pancadas das leis, incluidas aquelas que a propria Organización cre necesario arbitrar para a sua propria salvaguarda. **[40]**

3- O proceso de integración estatal e as suas leis

Na linguaxe política ordinaria empréganse a cotío algunhas definicións provintes do campo das matemáticas. Por exemplo, adóitase utilizar a expresión "cómpre conseguir un consenso arredor dun mínimo común denominador", para sinalar o establecimento de pontos de referencia compartilados que permitan determinar pactos entre grupos sociais ou políticos con intereses diversos. A política, desde antigo, invadiu o campo específico da linguaxe matemática para construir conceptos ou formular teorías. Ela vense apropriando, por dicilo así, de numerosos aspectos dese reducto especial que constitue o terreno matemá-tico. E iso no seu proveito particular, debido á necesidade vital de formalizar as suas proprias concepcións e artellar de xeito preciso os seus proprios principios, introducindo unha terminoloxía provinte tanto do campo numérico alxebraico como do topolóxico (teoría de conxuntos).

Nós, neste ensaio sobre múltiples (suxeitos) e organizacións estatais diferenciadas (divididas), **[41]** empregamos algúns termos matemáticos de uso estendido e coñecido (máximo común

divisor, mínimo común múltiplo, mínimo común denomi-nador) para servir de esteo á análise dos procesos de integración estatal e as leis que o rexen.

Múltiples e multiplicidades

Denominamos, deste xeito, conxuntos de elementos que, por mor do seu exceso subxectivo, da sua *enerxía despregada*, son quen de expansionarse e acrescentar forzas (obxectivas e subxectivas) alén incluso do seu campo de acción específico. A sua multiplicidade manifféstase pola sua capacidade de despregar efectos, deixar pegadas, trazos na situación, de forma ininterrompida.

O múltiple fai referencia, pois, non ao número de suxeitos, de militantes, que o componen, senón á proxección que alcanzan no espazo e no tempo as suas formulacións, os seus enunciados, os seus proxectos, o seu pensamento, as suas accións, o seu poder de propagación. Multiplicar é transmitir expansivamente, na situación social de referencia, *as consecuencias políticas dun proxecto anovador*. O múltiple, en política, é un colectivo emancipador, un suxeito transformador que, constituido en *movimento popular*, expresa o seu antagonismo co *Estado*. Multiplicar é, ademais de incorporar suxeitos novos ao proceso, ampliar de forma crecente o campo de influencia do proxecto; universalizalo e encher cos seus efectos o espazo **[42]** social. Un múltiple característico de Euskal Herría é o MLNV, *múltiple de múltiples,* xa que os seus componentes son movimentos populares e organizacións sociais e políticas, en exceso sobre o Estado; quer dicer, escapados (subtraídos) á conta de inclu-sión deste, do seu espazo legal de referencia.

Máximo común dos múltiples

Denominamos deste modo ao máximo de todos os múltiples que interveñen nun espazo social dado, nunha situación concreta, nunha conxuntura determinada ou nun conflicto específico. Máximo de todos os múltiples vencellados a el por lazos de diferente tipo, de todos os múltiples comúns entre si (integrantes dun mesmo proceso político emancipador). Por exemplo, o MLNV é múltiple máximo común de todos os múltiples (movimentos populares) que o componen. A *Contederación de Ikastolas* (no seu sentido de movimento popular, non exclusivamente de organización) é o múltiple máximo común do conxunto de ikastolas confederadas. AEK (tamén na sua dimensión de movimento popular, non como coordinadora estructural organizada) é múltiple común máximo do conxunto de centros que ela abrangue. Unha asemblea (dun movimento popular, por exemplo) é máximo común múltiple de todos os grupos (múltiples á sua vez) que a integran. ETA é máximo común múltiple de todos os seus taldes, e así sucepsivamente. **[43]**

As veces, uns múltiples ordinarios *Lurraldea* ou a *Comisión para a defensa dunha costa basca non nuclear* convírtense en máximos comúns múltiples, ao aglutinaren arredor deles, dos seus proxectos, o conxunto de múltiples que actuan no seu campo (o ecoloxista). Aínda más, estes múltiples poden pasar a ser múltiples máximos de *procesos políticos* globais (como os referidos), ao unificaren e concentraren baixo a sua dirección a un importante número de múltiples sociais e políticos, alleos, nun principio, ao seu proprio campo de actividade (o

ecoloxista), Isto expresa o carácter político que inexorabelmente adquire todo movimento popular, o seu aspecto reterencial no enfrontamento co poder, que manifesta, nunha conxuntura determinada, *un conflicto político máis xeral.* En termos marxistas, denominábase a este fenómeno o aspecto principal da *contradicción fundamental*, a forma específica na que esa contradicción se presentaba nun intre concreto. Diremos, pois, que un determinado movimento popular, en canto intervén como máximo común múltiple político, pode constituir o aspecto principal dunha contra-dicción fundamental. No caso que nos ocupa, ambos movimentos ecoloxistas conformáronse, en períodos históricos dados, en aspecto principal da contradicción fundamental (antagónica) entre Estado e Pobo (Euskal Herría).

Voltamos a recalcar que, cando aquí falamos de máximo común múltiple, non nos referimos ao **[44]** múltiple que, nun intre dado, ten o máximo de elementos (militantes), senón ao múltiple con capacidade política de unificar, concentrar, dirixir e mobilizar ao resto dos múltiples que se moven ao seu redor. Así, un movimento popular pode actuar como máximo nunha conxuntura precisa, mais non noutra. Un máximo común múltiple é, pois, un conxunto variábel, non determinado de antemao. A diferencia do que ocorre no ámbito do Estado, non está organizado nin planificado o papel unificador que adquire un movimento popular. Este non está dado a priori xa que se encontra sometido ao azar da política, á propria evolución dun proceso subxectivo interno, sempre azaroso, non regulado previamente; producto da decisión intervinte dun suxeito colec-tivo rupturista.

Nun proceso determinado, non se pode falar nunca dun múltiple común máximo invariábel. Sempre pode xurdir outro maior que cumpra ese rol. A lei da multiplicidade é *ilimitada* e o exceso non está acostado. Fede éxito, un múltiple máximo común nunha loísta política (unha asamblea, por exemplo) pode cindirse e surxir dela un subconxunto (un múltiple homoxeneizado, cuanti-tativamente inferior) que, desde ese momento, desempeñe a función de *aglutinante de múltiples*. Esa cisón dise *afirmativa* cando o poder de expansión do núcleo cindido é maior que o da asemblea devandita. Diremos, entón, que os múltiples superiores xurden como cisóns de múltiples anteriores (numericamente maiores). **[45]**

A multiplicidade, polo observábel, non segue as leis da cantidade, senón as da cualidade, as da *cualidade subxectiva*. Por exemplo, a Asemblea de protesores asociados da Universidade do País Basco, incapaz, por *debilidade subxectiva,* de continuar a traxectoria cara o protesorado proprio, sofre unha escisión atirmativa no seu interior, a partir da cal emerxe un novo colectivo (o colectivo de despedidos). Este convertirase no núcleo de reterencia doutros múltiples (grupos de estudiantes, comisión de apoio, sectores do protesorado), ao conseguir despregar unha enorme enerxía mobilizadora e resistente. As pegadas que este múltiple deixou no espazo universitario, e na sociedade, son moito máis fondas, numerosas e persistentes que as deixadas polo movimento inicial de profesores asociados. O colectivo de despedidos e represaliados de Leioa convírtese deste xeito en máximo común de todos os múltiples (universitarios ou non) que se moven arredor da loita polo profesorado proprio.

Mínimo común dos múltiples

Denominaremos desta maneira o conxunto múltiple menor de todos os múltiples postos en común nun proceso concreto. Menor, xa o dixemos, en exceso, en torza subxectiva, en capacidade de afirmación dun proxecto, en poder de expansión e acumulación, en resultados alcanzados ou por alcanzar. Nun movimento popular estes mínimos encontrámolos adoito nas organiza- **[46]** cións políticas e sindicais de esquerda que actuan normalmente no seo dos movimentos. E son mínimos porque teñen pontos de contacto co sistema establecido, cos grupos sociais e políticos que xiran na órbita do poder. Estes pontos de contacto son as *estructuras organizadas*, os aparellos, que funcionan na lóxica estatal: representación, delegación, xerarquía, división de funcións, disciplina obrigada, eleccións, etc. Esta parte estructural, emprazada, deses múltiples *desubxectivízaos*, debilítaos na sua condición de suxeitos. Daí o seu coñecido (e recoñecido) papel de intermediarios entre o Estado (ou calquer instancia de poder) e os movimentos populares. Son os funcionarios (en canto que cumpren unha función integradora), os axentes do pacto entre as partes baixo influencia estatal (ou do poder que sexa).

As leis do múltiple

Con estas duas definicións podemos, pois, formular as tres leis do múltiple.

Primeira lei do múltiple

A desubxectivación dun múltiple, dun movimento popular, a sua perda de exceso, de enerxía, é un *traxecto subxectivo* que evolue do *máximo común múltiple ao mínimo común múltiple*. Constitue unha traxectoria onde uns múltiples, unificados arredor dun múltiple máximo común, **[47]** van perdendo forza pouco a pouco, introducíndose no campo de gravidade do poder, ticando sometidos a sua estera de influencia. O ponto de referencia vaise, pois, desprazando do *múltiple vangarda* (núcleo concentrador expansivo) ao múltiple máis feble (núcleo desmotivador, desmobilizador). A partir dun certo intre, e non sen fortes discusións, entrontamentos e mesmo cisóns, os diversos múltiples presentes no proceso político vanse ir encontrando no polo referencial dun *mínimo común múltiple,* o núcleo de menos forza subxectiva. Este núcleo, que coincide moitas veces cos grupos organizados de esquerda, conseguirá, asemade, agrupar o resto nas suas propostas e reducir -até eliminalas practicamente- as multiplicidades previamente existentes. A travesía é, pois, cara o lugar de emprazamento social do Estado, onde todo exceso, toda enerxía subxectiva, toda cualidade específica e, polo tanto, toda multiplicidade se dilue. Unidos arredor do mínimo común múltiple, os diferentes múltiples integrantes do movimento popular pactan co poder (Estado, clase empresarial, etc.), dependendo das circunstancias, duas vías de saída:

> **a/** Renuncia aos seus obxectivos fundamentais en troques de compensacións parciais (normalmente, económicas e sociais).
>
> **b/** Renuncia simples, sen compensación algunha (rendición). **[48]**

Segunda lei do múltiple

Este pacto, á sua vez, pode producirse con cisón ou non. No suposto que se dea con cisón, ao pacto chamarémoslle *cesión*, porque non se trata dunha derrota colectiva, senón dunha *defección persoal*, dunha *derrota persoal*, dunha *traizón a unha causa*, na que están implicados cada un dos membros que formaron parte do movimento popular. A continuación na loita dos cindidos sinala que non nos encontramos cun fracaso, o cal constitue unha categoría da política, senón cunha cuestión derivada da ética, porque a decisión de ceder afecta ao ser do suxeito. Ceder signitica simplesmente desaparecer como suxeito.

Por esa razón, e xeralmente despois da cesión, artellarase un novo pacto entre o poder e os antigos suxeitos (militantes) xa integrados; pacto dirixido, agora, contra os cindidos, nunha lóxica de carácter represivo, se estes non desisten da sua loita. Do pacto arredor do mínimo común múltiple, pasarase ao consenso, definido como o conxunto de grupos incluidos no Estado, que, divididos en grau máximo (*máximo común divisor*) pola acción dun múltiple disidente, se ven obrigados a se aglutinaren arredor dun mínimo común denominador para facer fronte a ese múltiple que segue a termar do proxecto liberador. Da multiplicidade conducida polo seu máximo común, desembocamos no simples *agrupamento* de conxuntos estatais, unificados reactivamente en **[49]** oposición (antagónica) ao novo múltiple cindido, quer dicer, no mínimo común denominador do Estado e do social (traxectoria cara o superego).

Terceira lei do múltiple

Se o pacto é co Estado (ou calquer instancia do Poder), e se o proceso de acomodo na estructura social é global, sen cisóns, entón o proceso será visto (polos seus participantes) como unha derrota Política inevitábel (desigualdade de forzas), de consecuencias polo xeral tortemente negativas; ou como un éxito parcial polas concesións obtidas, un sinxelo abandono táctico dos obxectivos polos que se loitou. Nestes casos o consenso co Estado non terá lugar (non hai cesión e, polo tanto, múltiple ao que derrotar) e o colectivo dispersarase nas prazas acolledoras da estructura social ou política. Unha parte dese colectivo poderá, nun futuro, voltar a reagruparse organizándose para continuar a loita polas suas reivindicacións, transitoriamente postpostas (ou por outros intereses), surxindo, por conseguinte, un novo múltiple.

En 1987, a loita polo contrato laboral na Universidade do País Basco (UPV) fracasou e o colectivo de asociados, globalmente, pactou co entón rector, Barberá, unha solución de compromiso que representou importantes conquistas económicas e de seguridade no emprego. Non houbo aquí cisóns e, en consecuencia, cesión, non tacendo falta un consenso represivo contra os disi- **[50]** dentes porque non os houbo. Máis adiante (1990), parte dese colectivo vai volver a unificarse no múltiple común da Asemblea de asociados para continuar a loita polo contrato laboral. Mais esta vez, a nova derrota do movimento (1992) que levou á maioría dos seus membros a asinar o contrato administrativo, noutrora rexeitado, tivo consecuencias diametralmente distintas na situación universitaria. Un múltiple da Asemblea, os profesores despedidos, abandonárona e seguiron reafirmando os seus obxectivos: o profesorado proprio, a autonomía universitaria e a sua readmi-sión. A derrota colectiva convertiuse, por tanto, en persoal, debido á cesión dos membros da Asemblea. A partir de entón, o poder universitario, recollendo agora no seu seo aos *vencidos subxectivos*, aos

asinantes e aos seus aliados (os sindicatos e as organizacións de esquerda que encabe-zaran o proceso de cesión) ergueu un consenso represivo co fin de esmagar o pequeno núcleo de disidentes. Este consenso foi practicamente xerali-zado, por activa ou por pasiva, pois á marxe del só ficaron o múltiple dos despedidos e un reducidísimo núcleo de profesores solidarios.

Lembremos tamén que navtransición o PC disilveu os múltiples do movimento obrero e popular que se formaran na loita contra o fran-quismo, agrupándose agora, fundamentalmente, arredor do PSOE e do PC que actuaron como verdadeiros mínimos común múltiples. Estes dous partidos de esquerda -e cadanseu sindicato- tras a **[51]** su cesión (aceptación da retorma) integráronse no *consenso institucional*, consenso que máis tarde se abrirá aos partidos nacionalistas conservadores de Ajuria Enea e Madrid, dirixidos contra a esquerda abertzale. Da cesión inicial (renuncia á ruptura democrática) pasarase á represión posterior do MLNV (múltiple máximo común antagónico), a través do consenso estatal dos pactos mencionados.

Divisores e denominadores

Os grupos sociais e políticos, que actuan de acordo coa lóxica do Estado, son conxuntos diferenciados que operan baixo o principio da contradicción débil (estructural). As suas diferencias son de simples oposición, porque a lei xeral do Estado, a conta de inclusión, unifícaos. Aparecen inte-grados, subsumidos e homoxeneizados nun espazo de emprazamento social onde opera a lei de conta do Estado: o dereito; daí que se designe a esa instancia de poder como Estado de Dereito. De todos os xeitos, eses grupos adoitan estar entron-tados entre si, divididos en relación a moi variadas cuestións, algunas delas de grande alcance político. A importancia das suas divisións, a sua natureza, deriva, en último termo, duns múltiples que se lle escapan á regularización estatal; múltiples, polo tanto, antagónicos co Estado e que marcan en cada tanto, antagónicos co Estado e que marcan en cada conxuntura a natureza e o nível desas diferencias, explicando o conxunto de contradiccións básicas **[52]** que, a nível político, se desenvolven no espazo de emprazamento.

Máximo común divisor

Con esta expresión matemática, facemos referencia ao aspecto maior do *disenso, ao ponto político de maior división* que atasta aos conxuntos estatais.

Ese ponto é variábel, dependendo da conxuntura política, e, como xa sinalamos, está determinado pola acción política antagónica dun múltiple (ou múltiples) que se afasta da lei de conta estatal. Por iso, para restablecer a unidade básica entre os diversos conxuntos de obediencia estatal, cómpre *forzar un compromiso* entre todas as partes, de xeito que permita entrontarse en mellores condicións aos múltiples liberadores que están a producir a acentuación das suas diferencias. Ese compromiso político realízase arredor do *ponto de máxima división*, do aspecto máximo do disenso, e definímolo co nome de consenso. Un consenso é un compromiso político conxuntural entre grupos estatais co fin de eliminar ou atenuar as suas diterencias, as suas diverxencias, para poder entron-tarse axeitadamente ao antagonista. E, loxicamente, reúnense arredor dese aspecto principal que máis os está a afastar, precisamente para combatir esa oposición mutua que dispersa e enfronta aos grupos,

danando gravemente o sistema total. Por iso, agora, a ese ponto de encontro se lle coñece **[53]** como *mínimo común denominador*, quer dicer, o denominador común que os volta a unificar. En todo consenso, ademais do ponto de máxima divi-sión, adóitase observar a imposición de tortes medidas coercitivas contra o múltiple antagónico, sentidas como *máximas* nesa conxuntura. De igual xeito, uns grupos sociais ou políticos (ou aparellos de Estado), incluidos no pacto, adoito presentanse como os máximos exponentes (e, as veces, os máximos beneficiarios) de tal consenso.

No Estado español, despois do triunfo do PSOE nas eleccións de 1982, tiveron lugar dous grandes consensos: o primeiro, non declarado, encuberto, escuro, coñecido como a guerra suxa do Estado contra ETA (o GAL); consenso construido sobre aquel ponto de máxima división na época de Suárez (e que lle costou o posto): a utilización de medios ilegais, por parte do Estado, na sua loita contra o múltiple. Esa loita, convertida no denominador común de todos os conxuntos estatais, derivou nun máximo de represión (vista hoxe como criminal, desmedida, terrorista, etc.) e tivo un máximo exponente e beneficiario: 0 PSOE, organizador, coordinador e impulsor desa política, que contou co silenzo cúmplice dos demais partidos estatais e a participación de todos os aparatos represivos do Estado.

O tracaso deste consenso (nin ETA nin o MLNV se debilitaron no grau pretendido polo Poder; aínda máis, as eleccións de 1987 deron a HB o máximo número de votos da sua historia) HB o máximo número de votos da sua historia) **[54]** conduciu a outro: o artellado arredor dos pactos de Madrid e Ajuria Enea. O ponto de encontro máximo correspondería agora, precisamente, a aquel que máis divisións produciu nas fileiras do Estado: as conversas de Alxer, protagonizadas polo sector que liderara a guerra suxa na etapa anterior, que actuou (teoricamente) en representación do Estado. O consenso estableceuse na chamada política de isolamento da Esquerda Abertzale, que veu acompañada dunha dura represión contra todo o movimento (dispersión de presos, acoso policial, negativa á negociación con calquer movimento popular, etc.). Impulsor especial deste consenso en Euskal Herría foi a organización Euzkadiko Ezquerra, partidaria de aplicar as medidas máis duras e a que adoptou desde o principio un nível de maior belixerancia contra a Esquerda Abertzale. Beneficiarios deste foron os partidos estatalistas, que encontraron, a partir de entón, terreno abonado para unha maior implantación, gañando en influencia social e política, e saíndo do gueto defensivo no que algún deles estaba instalado desde había tempo (especialmente o PP).

Este consenso, que comezou a se esgallar por mor da denominada solución Lurraldea, foi debili-tándose devagar, até convertirse en algo puramente formal; dentro dun clima de avance da Esquerda Abertzale, crise fonda do Estado e violación continua do espírito anterior que o motivara. A sua creba total, consecuencia da incapacidade dos asinantes en alcanzar os obxectivos propostos **[55]** inicialmente, manitéstase nunha fonda división sobre un aspecto crucial: o diálogo e a negociación co MLNV. Esa máxima división vai ser precisamente a que toña que unificalos (comin de nador) nun novo consenso que, de se realizar, nador) nun novo consenso que, de se realizar, ter que concentrarse sobre este ponto: o diálogo es negociación. Os movimentos que se observan pola banda dos partidos nacionalistas, o grupo Elkarri e outros sectores lévannos a pensar nunha saida deste tipo. Cómpre agardar á entrada no gobemo do PP para que poida materializarse, sen dúbida, despois de numerosas resistencias.

Outro exemplo de máximo común divisor foi o pacto entre fiscais para aplicar as penas aos insubmisos (múltiples). A diferencia entre as sentencias dictadas (erráticas e desiguais) forzou á sua unificación arredor da pena de cárcere máxima entre as posíbeis (dous anos e catro meses). As novas contradiccións deste pacto forzado que agora se concretan sobre o aspecto da propria pena de cárcere (moitos xuíces e fiscais están en contra dela) deron por resultado que o novo consenso, para oporse a insubmisión, xire agora sobre a inabilitación, eliminando de facto, a condea ao cárcere. O código penal sanciona ese pacto estatal que, sen dúbida, volverase a romper de novo se os insubmisos continuan insistindo na sua loita.

Os profesores despedidos (múltiples antagónicos na UPV) lograron un acordo co rector, asinado e rubricado polas partes. As tondas divisións que se orixinaron no bloco de poder universitario, como consecuencia desa sinatura, torzaron a necesidade por parte deste dun consenso, asentado loxicamente naquel ponto de máxima división, ou o que é o mesmo, a practicar unha política endereitada á destrucción das consecuencias deste acordo -política agora comunmente admitida por todos, incluidos os membros do colectivo de contratados que foran antagonistas do poder univer-**[56]** sitario nunha fase anterior (múltiples)-. A represión máxima que se produciu (inusitada na vida universitaria, pois conlevou a expulsión e desterro dos despedidos, así como o seu procesamento), estivo dirixida polo sindicato CCOO, máximo defensor das medidas punitivas e referente (exponente) principal dese consenso.

A lei dos divisores

Esta lei enúnciase así: "*O consenso entre grupos estatais concéntrase naquel ponto que toi o da sua máxima división anterior; é sempre conxuntural e está sometido á dinámica do múltiple responsábel da sua formación*". A sua ruptura -e a forma en que esta se produce-derivan, entón, das accións dese múltiple; sendo, por isto, de natureza reactiva. O seguinte consenso -que necesariamente terá que producirse, até que non se solucione definitivamente o contlicto fundamental por recomposición- tarase sobre a máxima diferencia observábel, na tase anterior, entre os diversos conxuntos estatais. Os **[58]** máximos comúns divisores son , enton, variábeis no tempo, contra algo que persiste e que é o múltiple antagónico. Eles fórmanse en conxun enfrontamento. O próximo consenso enxérgase sempre desde o observatorio das contradicsións sempre desde o observatorio das contradiccións que esgazan aos participantes no anterior.

Mínimo dos divisores comúns

Chamamos deste xeito ao mínimo de todos os divisores comuns que se unitican nun proceso Político ou social dado. Políticamente (e matema-ticamente) este concepto é irrelevante. O comportamento dos grupos sociais e políticos que actuan na órbita do Estado é o de mostrar as suas diferencias, as suas divisións sobre multitude de aspectos da realidade. Daí o xogo parlamentat, entendido só como xogo de diferencias, resoltas pola lóxica de maiorías-minorías. O mínimo común divisor non é, pois, operativo, xa que non se necesita unión total para solucionar algo que carece de trascendencia política. Non existe consenso sobre mínimos, necesidade de unidade pechada sobre aspectos cuxa división é inapreciabe (praticamente non

existe). Non é preciso chegar a tormalizar unha unión a partir dun denominador común para compartillar expresións como as seguintes: "Estamos contra a loita armada", "Nós somos demócratas, eles, violentos". Para isto non é necesario organizar mesas aparte para sairse **[58]** do xogo convencional parlamentar ou xornalístico. Cómpre decatarse de que un consenso non é unha declaración de intencións ou o sinxelo enunciado duns pontos de contacto, senón *un compromiso para facer cumprir, de forma obrigatoria,* e pór en práctica unha política formulada en común *sen sairse ninguén do guión*, sen fírgoas, sen que as diferencias entre grupos poidan manifestarse publicamente. Corresponde a unha política única sobre pontos concretos fundamentais, obxecto precisamente de consenso, porque son os que máis dividen ás partes. Política a seguir estrictamente, que se extende no tempo e que é continuamente avaliada nos seus resultados e no seu cumprimento. Política que ten cláusulas secretas, algunhas delas incontesábeis, e que non convén difundir diante da opinión pública. Política para facer e cumprir -e non só para enunciar ou dicer, tentando integrar e mobilizar arredor dela o máis amplo espectro social posíbel. Por esta razón, non serve o parlamento, posto que este non é un lugar onde opere a uniformidade, senón a pluralidade, as diferencias, as oposicións, que son, precisamente, as que definen *aos partidos como partes*. En troques, no consenso, as partes vense torzadas a unirse nun todo único, disolvéndose como tales partes. Non actuan, pois, aquí, como partidos, senón como *Partido*, como Estado, máximo reterente desa política. Por iso, un consenso expresa unha política crucial do Estado e por iso non valen as divisións nin a lóxica normal parlamentar. O **[59]** que actua é o listado (un) e non as suas partes , por certo, contirma o carácter de organizacións estatais de todos eles. Exceptuando, por suposto, o múltiple que non é nin partido nin conxunto estatal.

Recomposición, acordo e consenso

Chamamos *recomposición* o proceso polo cal algunha ou varias das reivindicacións fundamentais defendidas polo múltiple intervinte son aceptadas polo poder; entrando, a partir de entón, a tornar parte emprazada, parte xuridicamente recoñecida, da realidade social existente. As conquistas obtidas son fixadas nun espazo de emprazamento social que, por mor da incorporación desas novidades, fica parcial ou totalmente modificado. Os elementos que configuran o devandito espazo son agora obxecto de alteracións, debido ao labor de influencia exercida por esas novidades implantadas, polo real presentado.

A recomposición implica xeralmente uns acordos entre as partes enfrontadas. Por iso distinguese do que temos chamado consenso, que fai mención, non a un acordo entre os antagonistas, senón a un pacto entre grupos políticos ou sociais (sociopolíticos) que forman parte do Estado. Pacto formulado coa intención de alcanzar unha postura unida (e única) co fin de manter unha determinada orde política ou social posta en entredito polo múltiple antagónico. Por iso, a recomposición-acordo é rupturista e o consenso, conservador. **[60]**

Como exemplo de recomposición histórica podemos mencionar a que se deu en Africa do Sul. Alí, o antagonismo político e social que alcanzou unha enorme virulencia e prolongación no tempo, deu paso a un acordo entre os principais blocos do conflicto: os sectores agrupados arredor de Nelson Mandela, a minoría dominante branca e os grupos reactivos negros tribais opositores dos primeiros e colaboradores da segunda. A recomposición verificouse no plano

político coa desaparición do apartheid, o nacimento da Nova Constitución (proclamando a igualdade de dereitos das diversas razas e comunidades) e a constitución dun goberno de maioría parlamentar negra encabezada por Mandela. O espazo político transformado que surxe está centrado no proxecto defendido polos seguidores do Congreso Africano integrando no goberno e no desempeño de responsabilidades políticas aos líderes e membros doutras minorías. Esta recomposición é fundamentalmente política, sendo efectuada baixo novos principios legais, mais non social xa que a pervivencia de fortes diferencias económicas, sociais e educativas, impide polo momento, unha ruptura apreciábel co antigo sistema de explotación asentado no poder económico dos brancos e en aguda desigualdade de oportunidades de promoción social da maioría negra. **[61]**

[62]

4- Terceira vía e integración estatal

O nacimento de novas condicións políticas

A chegada ao poder do Partido Popular coa sua Política *antiterrorista* demorou un tanto o proceso iniciado, aínda que non conseguíu resucitar -malia os esforzos despregados- ao moribundo Pacto de Ajuria Enea, praticamente inoperante e sumido en fondas contradicións. A vida política do país decorría preferentemente arredor do tema dos presos políticos bascos e neste ambente, caracterizado ademais pola existencia de dous delongados secuestros, as formulacións xerais de resolución do conflicto pasaron a un segundo termo.

Mais, e de forma paradóxica, serían os sucesos de xullo de 1997 (liberación de Ortega Lara e secuestro e execución do concellal Miguel Angel Blanco) os que darían un pulo ao intento de búsqueda dun consenso entre diferentes forzas políticas e sociais co fin de abordar os problemas políticos centrais xacentes na base do contencioso. O despregue reactivo de masas conseguido polo **[63]** Estado español a través dos seus aparatos políticos e ideolóxicos e que se traduciu no denominado "espírito de Ermua", influíu poderosamente na conxuntura política

- Dunha banda, serviu para acentuar os trazos máis belixerantes que presidiran a política *antiterrorista* do PP, a que se uniría a sensación, percibida en importantes sectores da comuni-dade nacionalista basca, de estarse producindo unha devaluación tanto do Estatuto Bascon-gado como das suas institucións. Asímismo, determinados xestos nacionalistas españois, foron interpretados como o inicio dunha campaña de ataques a importantes valores e señas de identidade euskaldúns.

- Doutra banda, constatouse un certo ateblece-mento subxectivo nalgúns sectores abertzales influidos pola onda intimidatoria e aterrori-zante aberta como consecuencia dos mencionados sucesos. A esa debilitación contribuíu tamén a escasa reacción de HB fronte a ofensiva dos partidos do sistema, detectándose nesta coalición deficiencias

organizativas e unha actitude defensiva que a estratexia dos seus dirixentes en relación ao xuízo da Mesa Nacional non fixo máis que confirmar.

Creábanse, entón, as condicións para a presentación pública do "terceiro espazo" e os reclamos abertos da "terceira vía", ,un tanto desdebuxados anteriormente polo nível de antagonismo alcan- **[64]** zado, coa conseguinte polarización da vida política. Porque a aparición sen veos das terceiras vías e espazos, require non só a existencia dunha permanente controntación non resolta, senón a percepción dun escoramento das "relacións de forza" cara un dos termos contendentes, como así o recoñecía un deses privilexiados e oportunistas *uliscadores* da situación: "*Hoxe podemos afirmar que están a se crear, **por primeira vez**, as condicións políticas e **psicolóxicas** para unha vía distinta á que representan os dous **polos** do conflicto*" (Bikila). E neste "terceiro espazo" conceptuado "*como forza de **interposición cívica** entre os dous bandos"* (Ramón Zallo) catro personalidades, segundo este profesor, brillan con luz propria: José Elorrieta (ELA), como líder social; o bispo José María Setién, Jonan Fernández, portavoz de Elkarri, cuxo liderazgo considera máis ben de carácter moral, e Rata Díez (LAB) suposto promotor dun cambio no mundo da Esquerda Abertzale.

A irrupción de ELA

Elorrieta e o sindicato ELA irrompen con estrondo na escena política proclamando a morte do Estatuto e convocando un acto en Gernika co obxectivo de "denunciar a mutilación unilateral do Estatuto e comezar a sumar todas as torzas dispostas a loitaren e mobilizarense" polo autogoberno. Iso si, de torma democrática e pacítica **[65]** posto que o camiño ao autogoberno "ou é democrático ou non nos leva a ningunha parte, ou é paífico ou nunca terá o apoio social necesario". que supón, segundo Elorrieta, a exclusión de ETA (e doutros grupos que empregan métodos "violentos e non democráticos") dese conxunto de forzas: a ETA "non a necesitamos e é unha pexa neste camiño de tuturo". Aínda que non tica de todo caro no discurso do dirixente de ELA, se a previa retirada de ETA (e do "sector non pacífico" do MLNV) é ou non condición previa para a chamada á mobilización; se ben algúns membros de EA (e doutros grupos) adiantan que a configuración do "terceiro espazo" vai depender dunha tregua previa da organización armada: " un amplo período destas características permitiría abrir un proceso relaxado de reflexión no proprio seo do MLNV e podería artellarse o terceiro espazo desde a perspectiva independentista con tempo para definir vías **posibilistas** e **realistas** de acceso ao exercicio do Dereito de Autodeterminación no seo da Unión Europea". Servindo esta tregua para impulsar un proceso de converxencia de esforzos entre abertzales capaz, nada menos, que de "conseguir unha segregación libre, pacífica e democrática.

Ao fío desta argumentación, o secretario de LAB, Rafa Díez, invirte o razonamento e pregunta sobre o que estarían dispostos a facer os grupos nacionalistas para que a militancia armada deixase de actuar: "Que nível de mobilización **[66]** social, folgas xerais, folgas de fame.... estaríamos dispostos a impulsar desde ELA, LAB, EA, HB, PNV.... reivindicando ese marco democrático básico? Que estamos dispostos a facer no terreno institucional e social para que militantes bascos puidesen valorar que a loita armada non é imprescindibel?" Porque a experiencia histórica neste sentido ten sido decepcionante dabondo. Non hai máis que observar a práctica diaria de alianzas e o comportamento seguido polos partidos nacionalistas

moderados no tocante á Esquerda Abertzale e ao proceso de liberación nacional. E no referente a ELA, aínda está moi próximo no tempo a sua maridaxe cos sindicatos españolistas (UXI, CCOO), a sua defensa do Estatuto e o seu posicionamento en temas sensíbeis de interés crucial (por exemplo, cando se formulou o proceso de integración das ikastolas na Escola Pública), nos cuais como lembra Joxe Manuel Odiozola, adoito predominaron neste sindicato as conveniencias económico -gremiais sobre as exixencias derivadas dunha práctica abertzale consecuente. Daí que o interrogante introducido por Rafa Díez teña pleno sentido.

Non é aceptábel para un auténtico nacionalista pór pretextos nin limitacións á loita cando se trata de defender dereitos vitais do noso pobo. Nunca os compromisos políticos militantes a prol da soberanía deberían ser obxecto de regateo nin susceptíbeis de pasar pola peneira de condicións previas. Cando o que se dilucida é nada menos que o **ser [67]** dunha nación non hai que dirixir a mirada ao outro para decidir sobre a nosa propria intervención. As cuestións en xogo non permiten aprazar as accións até que os comportamentos alleos se axusten ás nosas conveniencias, intereses ou previsións. A présa pola causa nacional, se esta é auténticamente sentida, sinálanos que non se pode, nin se debe, esperar para actuar.

Elorrieta arela construir un espazo abertzale autónomo respecto aos grupos estatais e ao sector considerado máis radical dentro do MLNV, mais o discurso que artella para iso non lle é proprio senón alleo. A creación dun novo marco xurídico para Euskal Herría, froito do recoñecimento da sua soberanía, foi sempre o lema capital da Esquerda Abertzale e polo que "centos de militantes bascos sufriron e sofren nas suas carnes o cárcere, o exilio e a morte" (Rafa Díez). E a desaparición de ETA e o encanamento das reivindicacións nacionais " por vías pacíficas" e no interior do sistema democrático español constituiron un imperativo, un desexo e unha constante exixencia práctica do Estado español. Elorrieta, como dirixente afectado por unha nova revelación non fai outra cousa que incorporar á sua visión política as imaxes proxectadas polos dous termos antagónicos dos cales, precisamente, desexa escapar. El non é máis que o retlexo do efecto presionante dun fascismo estatal enervante do cal procura fuxir por medio dunha saída imaxinaria: a ilusión vá dun novo movimento reorganizado arredor dunha **[68]** ficticia terceira vía, que unha vez excluido o componente real da loita (o sector máis consecuente do MLNV), emerxería como solución milagreira ao contencioso basco. E á sua chamada invocadora acudiron principalmente todos aqueles personaxes **desexantes, oportunistas, desmoralizados, aterrorizados ou cansos,** os cuais angustiados polo panorama político e faltos, na sua maior parte, dun auténtico compromiso militante, procuran no colo dunha arelada maioría social e dunhas organizacións recoñecidas e integradas, o abeiro provisional ás suas aflicción e a esperanza duns avances nas reivindicacións nacionais. A ser posíbel obtidas estas sen excesivos riscos, renuncias ou sacrificios persoais. Figuran esquecer que "a resistencia política da Esquerda Abertzale, a sua firme aposta pola construcción nacional basca, provocou esta encrucillada e favoreceu potencialmente a posibilidade de abrir unha nova fase" (Rafa Díez).

Mais a formulación de Elorrieta, baseada na morte do Estatuto, implica a necesidade de procurar un novo marco xurídico de encaixe, presentando o risco de ser interpretado en claves de soberanía nacional e autodeterminación; quer dicer, en claves da Esquerda Abertzale e, máis concretamente, o perigo de situalo dentro do proxecto político da Alternativa Democrática

(en adiante, AD). Por iso foi criticado polas forzas españolistas, incluindo as que se presentan como *basquistas*: " crear un novo marco político-xurídico **[69]** leva a ningures" (Egiguren). A convocatoria de Elorrieta ao dirixirse ademais ás torzas abertzales supuña deixar tóra a outros sectores políticos fundamentais para levantar un novo consenso. A vertente imaxinaria, atractiva para os nacionalistas mais neboenta por non conter un engarce xurdico, debía deixar paso a un proxecto estructural ancorado no espazo simbólico da lei española, proxecto que sería introducido polo colectivo Elkarri co desenvolvimento da Disposición Transitoria 2 da Constitución española. Desa maneira, o exceso imaxinario dese real da situación que é a xusta reclamación da soberanía para Euskal Herría, contido implicitamente na proposta de Elorrieta, apágase no espazo simbólico do Estado a través do seu acomodo na sua forma xurídica fundamental: a Constitución española.

A proposta de Elkarri

O espírito da iniciativa de Elkarri encóntrase impregnado da necesidade de restaurar un novo consenso, dado que os anteriores non conseguiron a integración no sistema da EA. Segundo a proposición de lei presentada por Elkarri, o obxectivo buscado (integración socio-política) implica "un estorzo de reconstrucción dos **consensos básicos**". E, a diterencia dos consensos puramente represivos que contormaron a guerra suxa contra ETA e os Pactos de Ajuria Enea e Madrid, o novo intento de acabar co conflicto adéntrase no proce- **[70]** loso mar das disposicións xurídicas vixentes, como camiño para unha solución política partillada polas opcións que entren nese xogo: "O obxectivo é abrir portas e procesos de diálogo a través das oportunidades xurídicas e políticas ao noso alcance e mediante un percorrido partillado polas diferentes opcións políticas" (Elkarri). Diálogo e normas están desta maneira vencelladas para alcanzar un compromiso legal (paz xurídica) que leva á pacificación (conciliación socio-política): "Está xustificado analisar a posibilidade do **vixente marco constitucional** co fin de consolidar unha situación de maior **paz xurídica e conciliación socio-política**" (Proposición de lei de Elkarri). Non hai aquí referencia algunha á **paz real** e ao recoñecimento dos dereitos do Pobo Basco, que deberían ser os obxectivos de calquer proceso autenticamente integrador.

Naturalmente esta iniciativa lexislativa foi moi ben acollida polos partidos do sistema, precisamente por encaixar no marco constitucional: "A aceptación do marco constitucional vixente é algo moi importante e transcendente que pode levar ao debate e á reflexión a outros ámbitos máis úteis para todos" (Nicolás Redondo Terreros). "É esa organización (Elkarri) a única depositaria do que toi a nosa opinión e así vai ser en adiante" (oseba Egibar). "Ten a virtualidade de que non precisa a retorma da Constitución, xa que sostén que a Disposición Adicional supón, de feito, o recoñecimiento do Dereito da Autodeterminación" (Rafa **[71]** Larreina). "Ten a avantaxe de ser viábel xuridicamente e tamén pode ser viábel politicamente* (Egiguren).

No plano estrictamente xurídico, a Disposición Adicional da actual Constitución española presenta un elevado grau de aproximación á Lei de 1839 pola que ticaron abolidos os Foros. Asi, mentres no texto constitucional se di que "a Cons. titución ampara e respecta os dereitos históricos dos lerritorios Forais. A actualización levarase no marco da Constitución. A Lei de 1839 recolle que "se contirman os Foros das Provincias Bascongadas e Navarra, sen prexuízo

da unidade constitucional da Monarquia" Xa sabemos en que ficou plasmada, na realidade, esa confirmación e os límites que a Constitución (e a Monarquía) impoñen a todo recoñecimento contemporáneo da soberanía. Lembremos que a Constitución espa-ñola, nun dos seus artigos, sinala a "indisolube! unidade da nación española, patria común e indivisíbel de todos os españois" e que as derradeiras palabras desa normativa fundamental exixen que aquelas reclamacións que se realicen coa finalidade da actualización foral faranse "sen modificar o ordenamento xurídico vixente". Estreita marxe, entón, a que dispoñen os lexisladores para abordar, con estes instrumentos, calquer aventura soberanista, incluso supondo que tivese unha boa disposición Política para iso. Mencionemos de pasada que o proprio PNV se abstivo no referendum constitucional porque non se introduciu na mencionada **[73]** Disposición Transitoria o "recoñecimento" dos dereitos históricos.

A proposta de Elkarri configúrase, de feito, como un proxecto político (ou bosquexo de proxecto) antagónico e substitutivo do que se contén na AD. Proxecto a desenvolver nun marco restrictivo como é o da Constitución española que nega os dereitos do noso Pobo. A sua finalidade é a de contrarrestar a influencia da AD como proxecto da IA dirixido ao Pobo Basco, desviando a atención da xente cara unha formulación presentada como máis realista, viábel e susceptibel dun maior consenso e apoio social. Quérese inculcar na sociedade basca a opinión de que a AD é inaceptábel para o poder pola sua formulación e autoría, e que o documento de Elkarri, pola contra, non pecha ningunha porta á consecución das aspiracións históricas sentidas por importantes camadas da poboación. Máis aínda, esa proposta -dise abriría un camiño de diálogo até agora atuado no que poden participar todos, e cuxos resultados van depender do proprio proceso negociador. A negociación en si -quérese insinuar- ao se realizar no interior do sistema legal español producirá por si mesma un cambio de vontades políticas e unha dinámica imparábel de acordo social, sen necesidade de formular de partida problemas previos de soberanía: "Ao seren todos eles e só eles considerados territorios forais, os non nacionalistas non se sinten **agredidos** e aderense ao proceso de diálogo. O resultado do mesmo é algo **[73]** que vai depender das futuras negociacións" (Gorka Espiau. Elkarri).

Algunhas persoas que exercen de *flautistas de Hamelín da terceira vía*, debecidos sempre por conducir o rabaño descarriado ao caborco do Estado, fuxindo dos perigos e compromisos do movimento real, exortan aos indecisos a seguir a senda trazada por Elorrieta e expresada xuridicamente por Elkarri. Cómpre acomodax "a Alternativa ao marco post-estatutista aberto en Gernika". afirma R. Zallo. E Bikila (Zutil) apoia a idea e aconsella a ETA interesarse polo imaxinario colertivo descoberto en Gernika: "ETA ten que decatarse dos límites da Alternativa Democrática. A AD necesita conectar co movimento representado en Gernika" Unha recomendación un tanto contradictoria en canto que Elorrieta e outros excluiran con anterioridade a ETA dese suposto novo movimento. Como se encargaría de tacermonos lembrar un terceiro espadachín da extinta extrema esquerda, Pedro Ibarra: "Este asunto nada ten que ver con ETA, porque é negocio que atañe á **democracia**, polo tanto ten que ser solucionado polos partidos democráticos"

Alternativa Democrática e Proposición de Lei de Elkarri

As diterencias entre a AD e a Proposición de Lei (en diante, PL) de Elkarri son manitestas. Imos demostrar que ambas son incompatibeis **[74]** tanto no relativo á tormulación dos principios nos que se asentan como nos procedimentos para materializarense.

a/ A PL basea o fundamento das liberdades do Pobo Basco nos dereitos históricos e na sua concretización foral. Formula, desta maneira, a partir de modalidades históricas de autogoberno, a existencia dunha fonte orixinaria de lexitimidade onde poderían ter cabida as reclamacións políticas actuais dos bascos. Sen embargo, os dereitos forais, viñeron asociados historicamente a soberanías consideradas **compartilladas** que situaban as relacións entre pobos dentro dun marco superior e condicionante (Reino de Castilla - Monarquía española). Por iso, un dos participantes da confección da PL, Herrero de Miñón, recoñece que o tema dos dereitos históricos vén sendo utilizado como atranco para o recoñecimento das aspiracións á soberanía e independencia: "Os dereitos históricos toron o grande **muro** que se puido opor sempre ás aspiracións nacionalistas".
A AD, pola contra, fai derivar o recoñecimento dos dereitos que lle corresponden aos bascos, da realidade presente nacional e das exixencias dunha vontade popular que debe de ser libremente expresada, apoiándose nos conceptos modernos de soberanía e autodeterminación, que incluen a posibilidade de independencia e a constitución correspondente dun Estado proprio. Contempora- **[75]** neamente no podemos faltar en propiedade de co-soberanía senón de soberanía propria, mediante a cal un pobo decide sobre as suas formas de estructuración política, relación e vinculación con outros pobos e entidades.

b/ Mentres a PL tenta veiculizar as reivindicacións nacionais a través da Constitución e dos Estatutos actuais, negadores daquelas, a AD prescinde, por así dicer, do marco constitucional, considerándoo alleo e preconiza un auténtico **proceso constituinte basco**, que incluiría duas fases: a primeira de recoñecimento da sua soberanía e integridade territorial, a segunda de expresión da vontade xeral dos bascos. Polo tanto, a AD non se inscrebe en ningunha segunda transición española, cuxa finalidade sería "conseguir o mellor encaixamento de Euskadi en España e en Europa" (Odón Elorza). A AD procura que o Pobo Basco poida determinar libremente o seu futuro mediante un proceso proprio, sen inerencias condicionantes do Estado español. Como di Joxe Mari Olarra: "As institucións actuais e o marco político que expresan, non son marco axeitado para resolver o contlicto ou tormular saídas, porque son, en si mesmas, negación radical de Euskal Herría, como suxeito de soberanía. Ese marco político e institucional está esgotado. Carece de toda credibilidade e o único que aporta é agudizal día a día, a desvertebración de Euskal Herría". **[76]**

c/ A PL incorpora un procedimento xurídico para canalizar e resolver o conflicto do que posteriormente surxiría unha vontade política, consecuencia do proprio proceso. A AD formula desde o comezo o tema da soberanía; quer dicer, tixa un posicionamento político e deixa a conformación dun marco xurídico proprio a unha etapa posterior, consecuencia da expresión da vontade popular dos bascos. recoñecimento da

soberanía non é aquí final de traxecto, algo aplazábel a un indeterminado longo prazo como sosteñen algúns. É o ponto de partida, o inicio dunha fase constituinte propria.

d/ A PL tramítase por intermedio dos actuais partidos políticos corruptos e no interior das institucións que negan a liberdade do noso pobo, sen arbitraxe popular algunha: "Do que se trata é de escamotear á cidadanía de Euskadi a sua decisión no que respecta ás relacións que deben ter co resto dos pobos do Estado español ou a ausencia das mesmas. Trátase de substituila por unha decisión tomada baixo o ponto de vista do consenso entre as forzas políticas" Juanjo Sáiz, secretario do PCE-EPK). A AD deixa, pola contra, en maos do proprio pobo a toma de decisións que le concerne porque, sinala Pat Rice do Sinn Fein, cómpre " que o pobo enteiro e todos os seus componentes se fagan donos do proceso e de que todos fagan un **[77]** estorzo proprio para a solución negociada e pacífica"

e/ As discusións sobre a PL efectuaranse, no caso de que estas teñan lugar, probabelmente sen tregua algunha por parte do Estado e mun ambente de crispación se continua o práctico estado de excepción e violencia sobre a IA. A AD propón, sen embargo, un cima de distensión con medidas como o alto o fogo por parte de ETA, a exixencia de neutralidade ás forzas represivas do Estado instaladas en territorio basco, a amnistía para os presos políticos, etc. De tal maneira que os cida-dáns poidan decidir o seu futuro nun dima de liberdade e democracia real.

Que é o terceiro espazo?

O acto de Gernika convocado por ELA, as declaracións de Setién e Margarita Robles, a proposta de Elkarri -ben acollida pola maioría dos partidos políticos- son indicios de que se está a producir un intento serio de mover a situación política basca e constituir un terceiro espazo socio-político capaz de dinamizar unha vía que ofreza propostas novedosas para a resolución do contlicto. Mais, que entendemos por terceiro espazo?

Para Elorrieta o *terceiro espazo* agrupa, principalmente, ás forzas políticas e sociais bascas de corte nacionalista: "Cómpre sumar torzas entre os que **[78]** aceptan que a soberanía reside no Pobo Basco e buscar, deste xeito, posicións maioritarias". Ficarían, entón, excluidos, por un extremo, os grupos de obediencia estatal, contrarios a esta formulación e polo outro ETA e o seu *entorno* de apoio.

Para Bikila o **terceiro espazo** parece equidistante entre dous extremos: hai "dous polos enfrontados: Pacto de Ajuria Enea nun e ETA noutro". Para outros a equidistancia estaría entre o Pacto de Ajuria Enea e o MLNV, considerado este no sentido de organizacións socio-políticas estructuradas.

Para situar correctamente os grupos sociais que conformarían o *terceiro espazo* é convinte non centrarse no campo dos partidos políticos. É máis correcto facer referencia aos conxuntos sociais, aos *grupos civís* que, con independencia da sua adscripción política, desexan unha solución ao conflicto que se afaste tanto da política inmobilista sostida polo Estado como das

posicións mantidas até agora polos sectores máis influintes -politicamente falando- da IA. Estes conxuntos sociais demandarían un cambio da situación política, sendo partidarios de modificacións de maior ou menor amplitude no sistema político-xurídico actual co fin de establecer unhas novas bases de convivencia que permitise alcanzar unha arelada *paz social*. Sen dúbida, estes colectivos -máis ou menos artellados- cubren un amplo espectro social onde se misturarían nacionalistas e non nacionalistas, defensores da unidade española e partidarios da independencia. O mesmo Egiguren -e con el outros socialistas- inclúese neste **[79]** amplo magma social: "Terceira vía é a que se encontra entre os que aquí din que non valen nin a constitución nin o estatuto e loitan pola autodeter-minación e, pola outra banda, cos que din que a constitución e o estatuto están aprobados e aquí non hai nada que facer. Eu inclúome nesa vía".

A *terceira vía* —no seu sentido de agrupacións sociais que manteñen unhas posicións como as apontadas- existiu desde a aprobación da Constitución española. O novedoso da formación actual é a aparición de certos líderes que pregoan a sua intención de organizar a todos estes grupos para xerar un movimento cidadán activo encamiñado a conseguir de forma pacífica e democrática o dereito de autodeterminación, o autogoberno ou outro encaixe xurídico de Euskal Herría no Estado español, segundo sexa o subconxunto particular componente dese conglomerado.

Se no terreno estrutural sociolóxico o terceiro espazo é unha realidade indubitábel, no aspecto estrictamente político non podemos dicer outro tanto. Porque en termos de dialéctica real -non só formal- non hai máis que dous termos de reterencia, dous termos antagónicos que caracterizan o enfrontamento político.

Dunha banda está o UN do Estado, que denominamos bloco estatal e que abrangue non só os seus aparatos de poder tradicionais -administración e torzas represivas- senón todos aqueles conxuntos sociais representados e integrados na sua lóxica -sindicatos, partidos do sistema, orga- **[80]** nizacións empresariais, medios de comunicación, igrexa, sectores pacifistas, asociacións diversas, etc.- por máis que algúns destes vivan na ilusión da sua autonomía. E dentro deste bloco hai que contar aos grupos soberanistas e independentistas que, ou ben móvense sen ruptura ningunha no marco legal e institucional operante, ou ben expresan as suas aspiracións nacionais nun nível moi baixo ou inexistente de compromiso real.

Doutra banda o DOUS, que abrangue os colectivos en exceso sobre a orde estatal, os suxeitos que se ben están presentes na situación non están representados polo Estado; quer dicer, non están suxeitos á lei de inclusión, ao operador estatal de integración.
Compóñeno aqueles grupos e persoas que apostando nalgún ponto da confrontación polas reivindicacións de Euskal Herría -soberanía e independencia- loitan consecuentemente, comprometéndose realmente, no proceso de construcción nacional, sempre tronte, contra ou á marxe do Estado.

Estes dous termos non forman compartimentos estancos, xa que algúns dos componentes de calquer dos dous, pode entrar a formar parte doutro antagónico, dependendo do proceso real de confrontación. Neste sentido, a pertenza a un ou outro termo, só resulta detectábel a nível

de movimento real de loita e en subxectividade, como proceso interno político, sen que moitas veces, Os datos obxectivos ou a evolución externa do comportamento, poidan dar constancia precisa da localización do antagonismo. **[81]**

En consecuencia, e no plano da política, non hai tres senón dous. Non se pode falar realmente dun terceiro espazo político independente da división básica formulada. A maioría dos membros socialmente, como relación estructural, que socialmente, como relación estructural, pertencen a el, sitúanse no UN do Estado. Aínda que, como dixemos, o carácter dialéctico do antagonismo pode permitir a entrada no DOUS - e viceversa- de certos componentes sociolóxicos do terceiro espazo, o cal só pode definirse polo proceso concreto de loita. Ese é o sentido das palabras de Rafa Díez cando sinala a necesidade de encontrar entre a IA consecuente e parte do terceiro espazo lugares comúns de encontro. Parte do terceiro espazo "que aposta pola construcción nacional, que situa o termo soberanía basca como clave para un novo marco xurídico-político". "Eses lugares, por definición, só poden ser lugares de loita, de confrontación co Estado español.

O *terceiro espazo* -que como temos mostrado non é máis que unha das partes incluidas no UN estatal pode cumprir moi ben na conxuntura política actual, unha función básica: a de se constituir en ponta de lanza dun proxecto de uniticación do Estado arredor dun novo consenso politico. Este consenso contería tres esteos ideolóxicos fundamentais: o recoñecimento da existencia dun contlicto político irresolto en Euskal Herría; a conveniencia de emprender unha vía de diálogo e eventualmente, de negociación, para o resolver; e unha disposición aberta para iniciar un proceso **[82]** que puidera culminar nun cambio do marco xurídico vixente sen que os principios de soberanía e autodeterminación se convertisen en tabús. A este consenso estaría invitada a lA como protagonista relevante e o seu principal obxectivo consistiría en artellar novas formas de integración de Euskal Herría na "unidade de España" que tosen aceptadas polos sectores políticos -en especial a IA- que ficaron excluidos do sistema no proceso de transición que deu orixe á presente orde constitucional. Pretenderíase, pois, por parte do Estado, avanzar definitivamente na resolución dun conflicto que impediu historicamente a pacificación, normalización e integración de Euskal Herría no modelo unitario español, quer dicer, a aceptación, a asunción e encaixamento dos bascos no sistema dominante español. Naturalmente, e dada a variedade e mobilidade que require toda nova transición é imposibel predicer a amplitude das transformacións xurídico-políticas que o Estado español estaría disposto a levar a cabo. Estas incluso poderían traducirse en modificacións, non só do Estatuto de Autonomía senón da propria Constitución española. Mais, sexan cales sexan as alteracións normativas que puidesen incorporarse ao consenso, en caso de mellorarse, irían sempre dirixidas a evitar como sexa o recoñecimento real da soberanía e o exercicio auténtico do Dereito de Autodeterminación en Euskal Herría, noutras palabras, evitar a posibilidade de formular democraticamente a opción independen- **[83]** tista. E é que a capacidade de crear sucedáneos aos dereitos do Pobo Basco resulta bastante ampla. Por exemplo, Egiguren utiliza a alternativa Elkarri como remedo do Dereito de Autodeterminación: "É unha **especie de autodeterminación,** dunha soberanía compartillada, baseándose na tradición, na historia deste país". Especie de autodeterminación que o seu correlixionario Odón Elorza situa, sen lugar a dúbidas, no interior do réxime xurídico español: "Cómpre chegar a

acordos para a recuperación do consenso e a fixación dun novo marco xurídico-político duradeiro e aceptado con plenas garantías de **lealdade** polas forzas do Parlamento Basco"

O rol do **terceiro espazo** en toda esta operación comeza a dexergarse como crucial. Corresponderíalle a misión de dirixir e controlar o proceso en Euskal Herría condicionando a acción política da IA, atraíndo aos seus sectores máis proclives á integración -que por certo non escasean-, atemperando as accións consideradas máis radicais, axudando ao isolamento dos grupos máis recalcitrantes, incorporando alternativamente discursos derrotistas, desmotivadores e desmobilizadores con outros falsamente combativos e dunha suposta maior efectividade como a necesidade de acumular forzas sociais", que conduza á perda da iniciativa política por parte da IA. Este rol resulta complementario do efectuado polo PP xa que, mentres este se especializa no caxato, o *terceiro espazo* ofrece a pomada, aparecendo como acubillo **[84]** fronte á represión e protección contra as agresións do Estado. Malia que as diferencias dentro do bloco estatal son aínda considerábeis no que respecta a vertebrar unha estratexia compartillada, a dinámica do consenso foi xa bosquexada: "O proceso de exploración de escenarios de maior **consenso** está aínda en marcha, polo tanto non finalizou" (Elkarri). Iniciada polos grupos do *terceiro espazo* proseguirá coa colaboración dos partidos nacionalistas conservadores, o socialismo basquista e Esquerda Unida do País Basco, para tentar abrirse posteriormente aos partidos españolistas e ás forzas fácticas do Estado español, sen esquecer a colaboración de Estados extranxeiros, a Igrexa e o proprio goberno dos EEUU. O acoplamento de todas estas forzas dependería do comportamento da parte de IA máis proclive a ser seducida polos cantos de serea da terceira vía (LAB e as estructuras de HB) e, sobre todo, da actitude do sector non reformista do MLNV, condicionante último do proceso. O talón de Aquiles do proxecto integrador español pode encontrarse precisamente nese sector popular pouco proclive a unha pseudo-saída que non recoñeza na sua integridade a identidade nacional de Euskal Herría e a sua soberanía política. Porque de darse unha oposición frontal deste último aos plans deseñados, a estratexia asimiladora podería desinflarse como un globo. Como o recoñece Jonan Fernández cando indica que se a lA non se incorpora plenamente ao proceso, este non podería callar, e Egiguren **[85]** contesa que "as iniciativas serias neste país, como a de Elkarri, teñen que partir da consideración de que é preciso incluir a **todos**; se non, falla". Se a inclusión da totalidade da IA falla, o consenso, de se dar, sería puramente represivo e dirixido contra o componente inasimilábel do MLNV, agravándose considerabelmente o conflicto sen perspectivas de solución a medio prazo, coas reponsabilidades históricas que poderían recair sobre as costas do *terceiro espazo*, cúmplices esta vez da represión e da violencia que puidese desatarse en Euskal Herría. **[86]**

5- A política como consenso ou como división?

Nunha situación política caracterizada pola existencia de partidos políticos ou outro tipo de organizacións sociais ou políticas, a posibilidade de agrupamento entre eles resulta ilimitada e sempre e cando se cumpra unha lei que imos chamar de integración. Esta lei permite multitude

de combi-nacións a condición de que todos os devanditos componentes acepten ou respeten uns principios comúns que son traducidos de cote en normas de carácter legal. Os devanditos componentes -que a partir de agora tamén chamaremos múltiples-políticos ou sociais, nun principio diferenciados e heteroxéneos, libres e independentes na sua presentación na situación política concreta fican deste xeito, por virtude da mencionada lei de inte-gración, incorporados a un sistema específico de organización política que pode variar no tempo. Nese proceso integrador van ir perdendo algúns dos trazos identidarios que os diferenciaban e singularizaban inicialmente a prol dunha necesaria homoxeneización obrigada pola aceptación dun **[87]** marco político condicionante concibido como lugar de organización das prácticas políticas e sociais derivadas do sometimento á lei xeral de integración.

O consenso como lei básica

A perda da singularidade de cada múltiple, nese proceso de normalización e homoxeneización que a lei dicta, constitue precisamente a garantía de estabilidade do sistema político, sendo condición básica para o aumento da sua potencia; quer dicer, da sua capacidade para soster e reproducir as rela-cións sociais e políticas que estructuran unha determinada nova situación, que imos denominar Estado da situación. O poder do Estado, a potencia do mesmo, radica precisamente nesa capacidade aglutinadora de forzas sociais e políticas e non tanto no despregue do seu potencial, violento e intimidador. Así pois, poderíamos definir o Estado como aquela entidade integradora dos múltiples pertencentes á situación histórico-política, que están vencelladas a través do funcio-namento de operadores legais cuxa expresión simbólico-formal condensada é a Lei de integra-ción. O Estado mostra toda a sua potencia na proliferación de ententes, combinacións, acordos, pactos, entre os diferentes subconxuntos, partes ou múltiples xa integrados. Daí que o termo consenso se teña convertido na denominación moderna fundamental do modo de funcionamento **[88]** político dos sistemas de representación denominados democráticos. O consenso entendido como alfa e omega da política, xa que no modo parlamentar da política este termo constitue o ponto inicial de toda actividade política lexitimada e o resultado final en que se concreta. O consenso é pois sempre un a priori, un principio uniformi-zador a conseguir e un modo de funcionamento. Unha unidade buscada de antemao e un procedi-mento lexitimador das prácticas políticas. Non fai falta dicer que o contido destas prácticas fica subordinado ao proprio enunciado consensual. Por conseguinte, no consenso, normalmente, están ausentes a verdade, a xustiza e a ética, xa que a potencia das imaxes de unidade e as exixencias reproductoras do sistema se impoñen á dimensión cualitativa, ao espírito transformador que ás veces aniña nas materias obxecto de discusión e consenso. O consenso, repetimos, representa o principio e o modo de funcionamento desexado das democracias estatais. E se os pactos e componendas proliferan nestas é precisamente pola aceptación previa por parte dos grupos políticos e sociais das regras do xogo. O respecto á Constitución española e aos estatutos de autonomía por parte da maioría dos entes políticos en Euskal Herría permite que partidos heteroxéneos, con identidades nacionais suliñadas, e con discursos e proxectos políticos aparentemente diferenciados se unifiquen en determinados momentos. Así, por exemplo, no terzo autonómico podemos observar a [88] esistencia de numerosas combinacions a eacala política, como o Pacto de Ajuria Enea, os sabemos PNV-EA-PSE ou PNV-PSE. Os pactos PP-PNV en Madrid, o gobero de coali-csón PNV-EA-IU da actualidade, etc. A defensa da onde constitacional visente e,

dentro dela, das institucions emanadas do Estatuto de Autonomia permiten estas variadas agrupacións.

Ramon Jauregi explicouno coa sua proverbial claridade mun intento de descalificar unha hipotética consulta popular sobre o dereito de autodeterminación. Para el, todas as opcións son posibeis, mais dentro da Constitución e do Estatuto:Todos os proxectos políticos son posibeis, mais sempre desde a democracia, desde o respecto aos marcos xurídicos dos que nos temos dotado e non desde formulacions etnicistas" - Por iso, loxicamente, propón que o novo consenso, en caso de se das, se formule nos parámetros que o Estado español e as suas leis marcan: "Juan José Ibarretxe equinicase porgue non pode facer unha coneulta para preguntar quere vostede a autodeterminación? Ao pobo hasco **hai que levalo** [suliñado noso], a un consenso político, como o levamos co Estatuto de Gemika". Jáuregi sinala, de paso, gue nos son os cidadáns os que levan, conducen ca diriren o proceso senón os partidos, as partes do Estado, sas cuais radica a representación, quer dices, a suplantación da vontade popular. Para Jáuregi, é o Estado o que leva, dirixe e conduce os procesos políticos, como levou, conduciu e dirixiu **[90]** aos habitantes da Comunidade autónoma cara o Estatuto, por medio da coacción, a ausencia de opcións alternativas e as mensaxes enganosas e incumpridas que se detenderon entón. Non se pode sinalar de xeito máis claro o carácter subordinado que nos sistemas parlamentares, e concretamente no español, xogan os cidadáns á hora de participar nas decisións políticas.

Organizacións singulares

Os grupos políticos presentes na situación mais non representados no Estado, quer dicer, non integrados mediante a lei xeral de inclusión son excluidos loxicamente do consenso, e ás veces dos procesos políticos oficiais mediante a sua ilegaliza-ción, persecución ou intentos de marxinación. Estes grupos singulares, pertencentes á situación (organizados nela), non se encontran normali-zados; quer dicer, integrados enteiramente nos modos de funcionamento do sistema a través dos operadores legais de inclusión. Daí derivan a sua aparente -aínda que ás veces vivida e sentida-soedade, e os intentos organizados para conseguir o seu isolamento. Posto que, por unha banda, estes non entran en ningunha combinación, salvo en intres moi especiais, e ademais provocan e estimulan os pactos agresivos contra eles do resto dos múltiples sociais e políticos. Con respecto a estes múltiples excluidos hai unha percepción social de certa debilidade obxectiva, dunha desproporción **[91]** de forzas fronte à capacidade integradora e multivariábel do Estado.

A conclusión lóxica dos razonamentos expostos até agora é que as organizacións, singulares, ao non seren representadas polo Estado, ao seren reseitadas por el como corpos extranos, non poden asentar a sua potencia no ámbito institacional porque este é o lugar privilexiado da politica representativa dos partidos-organizacións estatais. Calquer intento de influencia electoral relevante, de condicionamento político das áreas que tocan ao poder saldase, case sempre, cun fracaso, porque decontado desencadean ao seu arredor a reacción virulenta dos poderes do Estado. A sua influencia no ámbito institucional está estructuralmente limitada e o intento de concentrar as suas actividados e enerxías nese campo debilita obxectivamente eses múltiples, dado que a sua natureza se encontra intrinsecamente afastada dese tipo de

representación. Un termo singular é unha presentación histórica na situación, e é ai, directamente, sen intermediación, sen representación estatal, onde debe levantar o seu lugar político, onde dete encontrar acomodo e acubillo político. E nos resulta dado, sa que as organizacións socio-politicas singulares que tenten aglutinar forzas incorporando aos seus prosectos politicos á xente dehen ser esencialmente rupturistas. Isto débese a que se estarea excluidas das representacións estatais, a sua capacidade de influencia inicial non consiste en atraer directamente aos membros integrados do **[92]** sistema estatal senón aos elementos non inte-grados, aos movimentos situados *fóra-de-lugar*; quer dicer, fóra dos lugares onde o Estado cons-true e exercita o poder. Cómpre pois que os integrantes dos movimentos e grupos populares singulares actuen de maneira que efectuen rupturas co que hai, coa lei de estruturación estatal e as suas regras de influencia. E no decorrer desas actua-cións desestructuren, separen, desvencellen aos individuos e grupos sociais dos seus acomodos estatais, da sua inevitábel interiorización da lóxica do Estado, das suas leis e da sua ideoloxía. O cal exixe un compromiso militante e un proxecto político transformador. Facer militantes é incorporar insubmisos ao sistema, persoas desvencelladas das posicións que o Estado distribue, facéndolles percorrer camiños considerados pola maioría social como intransitábeis. E estes suxeitos normalmente non abondan, son escasos. E a obtención da maioría social non constitue o norte que orienta as suas actuacións, xa que toda maioría social é en esencia maioría estatal, calquer que sexa a vertente en que esa estatalidade se manifeste no campo do imaxinario.

Orabén, se as normas legais e morais (dereitos humanos) establecidas dos operadores que artellan unha situación política baixo a éxida do Estado democrático; se son elas as que contorman a base instrumental do fundamento político no que se apoia o Estado funcional das democracias parlamentares, que é a lei xeral de inclusión, cuxo prin- **[93]** cipio. político rector é o consenso, cal debería ser a natureza e o principio rector da Lei que sostén o proceso político que aglutina aos membros individuais e ás organizacións políticas e sociais non representados, non incluidos na estrutura estatal? Se a consistencia dos partidos políticos e da sociedade civil enmarcados no espazo estatal deriva da potencia e capacidade das suas institucións "para levar", como dicía Jáuregi, á masa social cara os consensos políticos básicos que estructuran estabelmente o funcionamento organizado da situación política, cal debería ser a consistencia política das organizacións e suxeitos cuxo fundamento operativo básico se asenta precisamente na ruptura con algún ponto da devandita orde representativa e legal? Cal debería ser a consistencia política de tal inconsistente social (o fóra-de-lugar nalgún ponto do espazo de emprazamento estatal)? Cal debería ser, en resumo, a consistencia política de aquilo cuxa orixe e traxec-toria se basea en alterar as consistencias estable-cidas socialmente e reproducidas continuamente polo Estado? Pódese consistir (e existir) nas inconsistencias, como di o poeta Paul Celan? Pódese apoiar nelas para percorrer unha traxectoria política?

Unha lei propria

O problema radica na natureza da lei que coesiona aos colectivos non integrados na lóxica **[94]** estatal. Mentres os incluidos nesta adquiren a sua consistencia dunha lei exterior (Constitución, Estatutos) que distribue funcións e papeis estrictos aos subconxuntos estatais e orienta as suas estrate-xias nun camiño marcado e determinado de antemao, aqueles

necesitan vincularse mediante unha lei, mais esta, a diferencia da anterior, é interna aos proprios colectivos; unha lei propria, subxectiva, sen ancoraxe institucional. Esta última lei ten en Euskal Herría os seus enunciados: soberanía, autodeterminación, territorialidade.... A partir dos cuais e en ruptura coa situación existente emerxen nomes políticos, estructuras organizativas, proxectos, actividades militantes variadas....Estes, a sua vez, enxendran conciencia nacional e deitan anovacións, coñecimentos novos e engaden elementos singulares á situación política, que vai así ficando alterada e excedida na presentación histórica do seu ser. Deste modo, a lei interna do suxeito non estatal transforma a realidade, socializando as conquistas. A consistencia desta política radica na capacidade destes suxeitos para manter no tempo o proceso de cambio, a partir de soportes estruturais precarios, onde predomina non a forza obxectiva que outorga a lei de inclusión, senón a forza inventiva e subxectiva dos diferentes colectivos liberadores que descreben traxectorias azarosas en espazo e tempo, non gobernadas por lóxicas deterministas nin repetitivas. Fronte á argamasa consensual outorgada pola lei estatal que permite a resolución dos desaxustes e contradic- **[95]** cións da order social, a lei propia do suxeito colectivo traballa coa coerencia invisibel do seu proprio proxecto que se autoalimenta de compromiso e decisión militante sen o apoio de ningún exterior referencial e obxectivo. O cal, por certo, representa un traballo arduo, pois o intento por manter a coerencia e a unidade dos seus membros obriga a un esforzo inzado de discusións, divisións, enfrontamentos e loitas internas ás veces máis dilacera-doras -aínda que imprescindíbeis- que as sostidas cos inimigos antagónicos.

Mentres que a operación de **suma** dos múltiples estatais posibilitada pola existencia dun denominador común ofrece o resultado establecido a priori a partir do principio de consenso, a **división** é a operación que sostén o principio fundamental que goberna o devir da lei dos múltiples non integrados, xa que é a partir desta división cando nun proceso de trasfega, un proxecto determinado imponse e é quen de adquirir potencialidades multiplicadoras e socializadoras. Se o consenso rexe o comportamento a priori dos múltiples estatais á hora de garantir o statu quo, o disenso é o principio que garante a unión a posteriori dos movimentos e grupos que se subtraen á norma estatal. Ao contrario do que as aparencias indican, a suma sobre denominadores comúns é conservadora, e a división cualitativa, progresista. Nada pode anovarse, xurdir como creación, sen rupturas, sen división. Non hai coerencia subxectiva multiplicadora, transformadora e conformadora de espazos novos sen un previo corte ou **[96]** cisón. A división dase precisamente naquel ponto do real no que o enunciado liberador toca á situación concreta, á realidade existente.

A tendencia á compactación social, á coincidencia no Un do Estado, é un efecto de estruc-tura, un movimento natural, que o Estado coa sua específica intervención, coa sua conta particular, reforza. Desta tendencia non se escapan os suxeitos concernidos por un proceso liberador. Existe neles tamén un impulso unificador dirixido principalmente á sociedade civil, e expresado nos denominados mínimos (plataformas, pontos de acordo....) que tentan reproducir politicamente a mesma lóxica do consenso estatal. Sen embargo, algo falla: ao faltar unha lei exterior, unha coerencia estatal que os agrupe, esta unidade veri-tícase só no plano imaxinario, sen tocar o real. Búscase ficticiamente a coerencia unificadora invocando enunciados xenéricos que como tais se consideran compartillados por unha ampla maioría social: a soberanía, a autodeterminación, a euskaldunización, a territorialidade, a universidade

nacional, o marco proprio de relacións laborais, o espazo económico basco, etc. Estes enunciados, ao seren de contido universal no marco nacional basco, ao excederen os proxectos específicos dos partidos e grupos socio-políticos, son utilizados como eixos coesionadores da política. Por exemplo, Arnaldo Otegi, ao presentar recen-temente a proposta de Batasuna para a superación do contlicto, explicaba así o seu contido: "Por iso, **[97]** cremos que a paz, os dereitos e a autodeterminación non deben contundírense cos diterentes proxectos políticos existentes, que poden ser completamente lexítimos, senón dentro duns mínimos democráticos cos que todos temos moito que gañar". Ao consenso político conservador arredor dos denominadores comúns preténdese opor unha especie de consenso político progresista arredor de mínimos democráticos, chamando a el a todo o pobo. Infelizmente o problema xurde cando estes mínimos se queren plasmar en accións políticas concretas, quer dicer, cando se pasa do plano dos enunciados e principios ao da sua formulación na sociedade, ao seus pontos de contacto co real. Entón xurden inexorabelmente as divisións porque o desembarco no real exixe especificar os contidos e os procesos materiais cos seus correspondentes calendarios, prazos, formas, obxectivos e principalmente cos compromisos militantes que cada un está disposto a asumir á hora de efectualos. E é nese intre cando nos topamos sen remedio cos proxectos políticos de cada un, que no caso de Euskal Herría non poden ser máis diverxentes.

Cara a "liña correcta"

Ninguén pode excluirse da lóxica que desencadea un múltiple inconsistente (movimento non estatal) na proba crucial do despregue das suas ideas e formulacións na situación política concreta. Ese ponto de contacto, ese real presen- **[98]** tado mediante un proxecto concreto, unha práctica política, unha intervención determinada ten na división a sua lei de funcionamento, e o devir do múltiple a sua consistencia futura, a sua capacidade de acumulación, dependerán do desenlace desa división. Os clásicos marxistas denominaban isto *escoller a liña correcta*, a cal non é nin principio nin mínimo xenérico senón unha traxectoria ben definida, aínda que sempre azarosa e non planificábel. E esa división dase sempre, porque o efecto do contacto das aspiracións e os enunciados coa realidade da situación fractura politicamente a todo elemento liberador e sempre se visualizan duas liñas fundamentais que se entrontan na sua división: a liña posibilista, que parte da realidade como un dato histórico case insalvábel e procura por aproximacións sucesivas, de torma máis ou menos linear, a superación progresista do espazo político que se rexeita; e a liña rupturista, que parte do enunciado liberador, e a través de procesos de subtracción do espazo político a superar, mediante rupturas continuas non lineares (insubmisión practicada no marco existente) tenta transtormacións sucesivas dese espazo coa aportación de novidades que exceden á presentación inicial. Na primeira opción o Estado sempre aparece como limitador e reterente; Os resultados alcanzados entronízanse como avaliación primordial do proceso, e ás alusions á acumulación obxectiva de torzas, a unidade e as maiorías son constantes permanentes do quefacer político. Na **[99]** segunda opción, o Estado é unha instancia a sortear, combater ou restrinxir, e o seu reterente é a propria subxectividade militante. Os resultados non son o balance tundamental do proceso senós Palancas para continuar nel e a coerencia cualita tiva do proxecto, a contianza nas proprias torzas e a ética da persistencia e o continuar, os motores da actividade, por enriba de falsos unitarismos imposíbeis e lóxicas desmobilizadoras

sustentadas en maiorías a priori. É imprescindibel buscar a lina correcta, o proxecto político axeitado por riba das aparencias e as opinións comúns e por riba dos cantos subxugadores da unidade de obxectivos, as maiorías sociais e políticas e o "estar todos xunte" que ao fin se convirte, paradoxicamente, nos maiores freos para o proceso liberador. **[100]**

6- Verbo do proprio

O termo *proprio* encóntrase hoxe en día profusamente espallado en moitos ámbitos de Euskal Herría: Universidade propria, profesorado proprio, sistema educativo proprio, marco proprio de relacións laborais, xustiza propria, cultura propria, calendario proprio, etc. Ao noso entender, este termo fai referencia, non só a unha capacidade de decisión da sociedade basca, traducida en competencias normativas (leis proprias, marco xurídico proprio), senón principalmente a unha capacidade para elaborar e desenvolver contidos específicos nos distintos campos de actividade, sexan estes políticos, sociais, económicos e culturais.
Contidos estes que se formularían en relación cos intereses, necesidades, pontos de vista, previsións, valores, principios e prescripcións definidos e enunciados directamente pola sociedade basca.

O proprio abranguería, xa que logo, ao continente (xurídico) e ao contido, e implicaría tanto o espazo institucional basco como a libre vontade dos suxeitos político-sociais de Euskal Herría. **[101]** Deste xeito, o proprio vencéllase co enunciado de soberanía.

O proprio como identidade. O Proprio como igualdade
Sería interesante formular se o proprio se encontra asociado a unha lóxica da identidade nunha concepción predicativa substancialista e culturalista que nos conduce a un comunitarismo étnico-cultural de base tradicional. Trátase de se interrogar sobre se o Proprio, a cousa política, no senso de Alberto Caeiro (o heterónimo de Pessoa) pertence a unha totalidade predicábel ou diferenciábel. Se esa cousa política está dentro da dialéctica do mesmo e do outro, quer dicer, dentro da dialéctica estructural das diferencias. Se o proprio se pode interpretar como comunitarismo identi-dario que conduce ao trazo diferencial con respecto a outras identidades e, polo tanto, a concibilo formando parte dunha totalidade que distribue e dispón xerarquicamente os diferentes conxuntos sociais, as diversas comunidades. Se o proprio hai que relacionalo cos outros alleos a etectos de comparación, imitación, distinción, competición ou superación. Se o proprio -versión do PNV - chama ao ser esencial: a expresión política"-ser para decidir". Segundo esta visión, os bascos somos *identidade* e, xa que logo, temos dereito a decidir. proprio, neste ponto de vista, sería ese *ser identidario* que, como tal, ten capaci- **[102]** dade para decidir. A soberanía, neste senso, non sería un axioma de existencia, un enunciado prescriptivo, senón un derivado da substancia íntima do ser profundo do basco.

Mais existe outra interpretación do proprio. É aquilo que Alberto Caeiro denomina "uma coisa". Unha cousa é a que está presentada sen ser representada. Unha cousa non é representada como diferencia. Unha cousa non ten que ser interpretada. Unha *cousa política*, unha presentación política, non é avalibel nin desde o Estado nin desde a situación. É exactamente a *mesma* que calquer outra -non no sentido de idéntica a si mesma, quer dicer, no sentido de pertenza a unha totalidade diferenciábel-. Unha cousa política é o mesmo sen outro, é o mesmo do mesmo. Unha cousa política, o Proprio, está no rexistro da igual-dade, e indiferencia os termos. O Proprio segue aquí a lóxica da Igualdade, e non a da Identidade. Estaría máis ben en consonancia coa proposta do matemático Georg Cantor, que considera que dous conxuntos infindos son iguais se existe unha lei de equivalencia entre eles. O cal non implica a sua identidade. O Proprio de Euskal Herría é igual ao Proprio de Irlanda, de Chechenia ou de Palestina. Porque o Proprio fai compañía ao proxecto político, ao proxecto político de independencia. Se baixo o ponto de vista da estructura social, todos estes pobos son diferentes: en lingua, cultura, tradicións... no seu ser, podemos avanzar que todos eles son *iguais* na sua política, xa que **[103]** compartillan a mesma vontade de independencia. O Proprio indica ese *vencello desvencellado*, *subxectivo*, este exceso da *cousa política* sobre o ser estructural do identidario. O Proprio como identidade sinala, pola contra, o nexo do socia, a diferencias das sociedades e, polo tanto, a sua necesaria xerarquización e desigualdade. Por iso, os procesos de Euskal Herría e Irlanda son ao mesmo tempo distintos -no tocantes ao seu set histórico e social- e iguais -no referente ao seu ser político, quer dicer, no tocantes aos seus enunciados maiores de independencia, soberanía e autodeterminación.

A nós interésanos o Proprio dos proxectos políticos, das verdades políticas, e non o proprio no sentido de identidades comunitarias, as cuais son tan distintas nas suas estructuras sociais e no seu devir histórico. Do que trata a política emancipadora é dese Mesmo do que provén toda a Humanidade. A irrupción do colectivo, do proxecto colectivo como *verdade do mesmo*. Porque o Mesmo, o Proprio, é, como di Parménides, “ao mesmo tempo, pensar e ser". Pensar para ser -pois a política é un pensamento e non un obxecto é un proceso subxectivo que crea novas situacións históricas. Daí que o lema da política, o lema do Proprio sexa: *Decidir para ser*. Decidir no sentido de pensar-facer a política como ruptura inmanente, desde dentro do que hai, para que o ser nacional sexa, para que a nación se construa nas suas relacións sociais, na sua identidade singular. **[104]** Por iso, a política nacional é sempre un proceso inacabado no que o suxeito político no seu pensar-facer, nas suas rupturas, vai creando as novidades que se incorporan á estructura social, a cal se ve, por conseguinte, alterada como consecuencia desas intervencións militantes. A nación non é, pois, esencia, identidade pechada sobre si mesma, senón movimento, movimento cambiante do seu ser a instancias da política. A nación é proceso inacabado de construcción permanente a través de anovacións que suplementan o existente e transforman as estructuras sociais. O Proprio é a designación, sen interpretación, daquilo que aniñando no máis fondo do ser social orienta as transtorma-cións e o seu sentido.

Que signitica que o Proprio, a cousa política non sexa susceptíbel de interpretación, que non sexa representábel no Estado da situación, que non sexa avaliábel polas normas de avaliación que rexen a devandita situación? Significa nada menos que o Proprio é en si Innominábel. Que esa designación non ten nome. Que o Proprio non ten nome proprio localizábel e

representábel; que como tal é un innominado do lugar. Significa que está subtraído a toda nominación que particulariza un saber concreto, un enunciado veriticábel dunha situación. Unha cousa innominábel está subtraída a todas as denominacións posíbeis que poidan representarse nunha situación histórica. Esa *cousa*, o Proprio, pode ter designación na lingua, mais é irrepresentábel, incaptábel e inavaliábel **[105]** desde as coordenadas políticas que regulan cada situación concreta. Así, por exemplo, na situación educativa de Euskal Herría só existen dous tipos de redes, dous nomes proprios concretos: a rede pública e a rede privada. A Ikastola é a designación dun innomimábel, xa que non se deixa captar por esa división; a Ikastola é irrepresentábel no tocantes á situación educativa dominada polas leis españolas. A Ikastola é tratada como escola privada concertada, mais a sua singularidade é innegábel, e se subtrae á dinámica das outras duas redes que compoñen o espazo educativo español. Ikastola é a designación dun innominábel do Proprio nacional, e non está representado como tal no espazo educativo. Sen embargo, como xa temos sinalado, a Ikastola aniña no máis fondo do ser educativo. Pois é a presentación sen representación da verdade educativa do noso pobo. É ela a que orienta as transformacións educativas que se realizan, outorgando un sentido nacional Proprio ás alteracións do espazo educativo que promove. A Ikastola construe no tempo o máis significativo do sistema educativo nacional basco, que suplementa o espazo nacional de ensino.

A consistencia do innominábel foi establecida polo matemático Furkhen en 1968. Presenta na linguaxe matemática -ontolóxica- unha situación especial que admite un modelo no cal hai un termo -e só un- que fica sen nominación. Demóstrase así, ontoloxicamente, a existencia do Innominábel, e demóstrase asemade que, de existir este, **[106]** é único. Existe para unha situación dada un termo sen nominación subtraído a todos os nomes proprios particulares dela, a todas as nominacións. Este termo podemos calificalo, por tanto, como: o Proprio do proprio. Este Proprio innominábel é o que nos interesa, e non os proprios nomeados, designacións emprazadas do existente, do que hai. O Proprio tamén existe, mais como suplemento, como exceso sobre o lugar de emprazamento, ao cal condiciona, move e transtorma.

Filosoficamente, o Innominábel desígnase como un Ben. Ben é aquilo que fornece de nomes mais non está en si provisto de ningún. O filósofo Alain Badiou dinos que o Mal consiste precisamente en nomear, emprazar, acoutar o Innominábel; integrar ese inominado na nominación das cousas -o que en linguaxe política chámase normalizar ou paciticar- que vén ser o mesmo. Porque o Innominábel, o Proprio, é a presentación dunha verdade da situación. Se este innominábel se nomea, intégrase, entón desaparece a política como tal, e con ela a capacidade de crear singularidades, a capacidade de transformar emancipatoriamente a sociedade. Por iso o proceso de integración das Ikastolas na rede pública constituíu un Mal para a política nacional, pois a piques estivo de aniquilar a singularidade do movimento das ikastolas, e con el a posibilidade dun proxecto educativo nacional. O lema da política é, xa que logo: non subtraer a subtracción á nominación. Non nomear o Innominábel, o Proprio. Mais como dixemos, o Proprio **[107]** referímolo sempre a unha verdade, e sobre esa verdade imos tratar a continuación.

O singular e o universal

Toda política emancipadora é asemade universal e singular. A política de emancipación nacional é singular (existen lugares desa política, como Euskal Herría) e universal (as suas prescrip-cións de liberación nacional e social son universais; os seus enunciados, as figuras dos seus suxeitos políticos son universais).

Alén dos diversos tipos de comunidades históricas -lugares do finito, do social- debemos salientar aqueles aspectos unificadores de carácter político que conducen a unha política de emancipación. Cómpre encontrar na diversidade os elementos de unión que son sempre políticos, o universal sobre o particular, aquilo que excede ao comunitario como límite, mediante enunciados de verdade aglutinadores. Cómpre encontrar características universais que cren lazos invisíbeis nas diversas situacións sociais.

É preciso encontrar no nacional o universal. Nas diversas formas de expresión vencelladas a características proprias das comunidades, a matriz común que sinale a política emancipadora dos nosos días. Cómpre lixar un contido ao concepto do nacional, superador de barreiras culturais, sociais, económicas e políticas. Contido que permita a convivencia plural das diversas culturas **[108]** gracias a un vencello común que exceda o social, un vencello político. Ese vencello común ten que constituirse en engarce para unha política de emancipación global de carácter mundial contra o imperialismo e os Estados opresores. Ese vencello constituíuno nalgún tempo o comunismo, coa sua mensaxe universal comunitaria que cabalgaba por riba das fronteiras estatais: a mensaxe emancipatoria da capacidade política endereitada á xustiza e á solidariedade universal de todos os traballadores. A mensaxe recollida coa designación de Internacionalismo Proletario.

Observamos nas reclamacións de soberanía, autodeterminación e independencia dos pobos e nacións, ese nexo universal que debe chegar a unificar as loitas dos nosos días. Así toda proposición substancialista ten que ser refeita por unha fidelidade política " porque non son as diterencias o que nos importa, senón as verdades", en acertada expresión de Alain Badiou.

Nominación dunha verdade do noso tempo

Achamos que a nominación filosófica *liberación nacional e social* resulta axeitada á nova política de emancipación do noso tempo. Mantén o ideal de liberdade e os ideais comunistas. Percorre unha traxectoria de xustiza e é compatíbel co sentido contemporáneo que damos á palabra igualdade.

Conecta coa loita dos pobos e nacións sen Estado, coa das nacións con Estado contra a **[109]** imposición doutros Estados e do capitalismo, coabita dos pobos que compartillan varios Estados, coa loita dos pobos que posuen unha identidade propria de base contra o imperialismo e os seus proprios Estados cúmplices, coa loita dos pobos e comunidades indixenas historicamente expoliados por recuperar os seus territorios e o dereito á autodeterminación.

O nome de liberación nacional e social, como tal, non é un enunciado, unha designación da politica, xa que esta se da en enunciados de situación histórica que son sempre singulares. Non é correcto atirmar que a política é a vontade abstracta do nacional. Mais liberación nacional e social pode constituir un nome filosófico para compor a política de emancipación contemporánea. Os enunciados políticos dunha política nacional son: soberanía, autodeterminación, independencia, unidad territorial, recuperación da lingua e cultura nacionais, etc. Ese nome non supón unha totalidade advida, posto que a sociedade liberada nacionalmente e socialmente non se presenta nunca, non ten existencia real. Esta politica só se deixa pensar no seu ser infinito, xa que o seu devir é interminábel, proxectado á eternidade, e é recollida por un nome filosótico.

A política de liberación nacional e social integra os principios filosóficos de liberdade, solidariedade, xustiza e igualdade.

Libertade: O nome de liberación nacional e social contén o ideal de liberdade do tempo histó- **[110]** rico, non identificábel, por suposto, coas liberdades mercantís, formais, ou cos dereitos das persoas tal como son contemplados no chamado mundo ocidental. Liberación nacional e social é unha nominación que expresa o dereito non formal dos pobos, nacións e comunidades a decidir en liberdade e sen imposicións os seus destinos e as suas formas de organización xurídicas, sociais, económicas, políticas e culturais. Sen dereitos nacionais non se poden exercer nin os individuais nin os sociais. Non existe democracia nin dereitos humanos e sociais sen recoñecimento da soberanía dos pobos. Liberdade nacional significa aquí capacidade autónoma de decisión dunha comunidade determinada.

Solidariedade: A denominación liberación nacional e social mantén nas circunstancias históricas a prescripción emancipadora do comunismo, aínda que este nome da verdade ficou en suspenso como consecuencia do final do denominado ciclo marxista-leninista onde tivo acomodo. Liberación nacional e social non fai referencia exclusiva a unha soberanía xurídica formal nin a un Estado do benestar dentro do capitalismo, baixo premisas socialdemócratas, capaz de garantir unha certa igualdade de oportunidades e unha determinada distribución de recursos económicos entre as diferentes camadas da poboación. Liberación nacional e social ilustra a arela dunha auténtica soberanía real e non só formal, que permita aos pobos e **[111]** comunidades organizar libremente o seu espazo social, económico e político sen suxeitarse ás exixencias opresoras das chamadas leis do capital. Sinala unha dimensión organizativa e autoxestionaria do proprio pobo que poña fin á expropiación do traballo por parte do capital. Fai referencia ao antigo ideal dunha sociedade sen dases, sen dominio dunha clase por outra. Representa unha aspiración nunca acabada de realizar o lema comunista da sociedade de todo o pobo, agora integrado no lema universal do noso tempo baixo a formula-ción de comunidade de pobos libres e soberanos. Esta fórmula contén o anterior enunciado e o arrequece con esa aportación emancipadora de carácter nacional.

Xustiza: O nome de liberación nacional e social é compatíbel cunha traxectoria de xustiza entendida como verdade dun colectivo no seu acto emancipador. Como prescripción política dun dereito sen dereito (formal), onde o percorrido dese colectivo aparece como exceso sobre a legalidade do Estado, sobre a norma estatal. Unha traxectoria que descrebe no tempo a sua

propria lei interna, subxectiva, como non-lei tormal. Un colectivo político, manitestación concreta do suxeito Pobo sinala no seu camiño, no seu tóra de lugar, unha lei interna (soberanía nacional e social), que, evidentemente excede á lei formal que nega calquer soberanía que non sexa estatal. Ese nome constitue pois unha prescripción de xustiza, **[112]** contida en toda política emancipadora que sempre é a expresión, na situación histórica, do dereito dos que non teñen dereito.

Igualdade: A liberación nacional e social acolle tamén o concepto de igualdade na sua dimensión filosófica. Non hai que interpretar a política nacional como política igualitaria baixo o ponto de vista economicista: igualdade de condicións obxec-tivas, de estatus, de distribución de rendas, do estado do benestar en suma. A igualdade no seu sentido filosófico non debe ser remitida ao social. Unha política nacional, en canto igualitaria, non está escrita en ningún programa, non é pechada, non cualifica os termos, non está representada por ningunha sociedade concreta: aquela onde se dea a igualdade de condicións sociais. Unha política nacional igualitaria é prescriptiva, o que se abre, como xa indicamos, a unha lóxica do Proprio. O destino de tal política non é nin a diferencia nin a soberanía xurídica, é a decisión de rexerse pola auto-ridade do Proprio. A matriz dunha política nacional de igualdade non debe ser formulada en termos de diferencia, porque toda diferencia implica sempre un espazo de referencia, unha xerarquía de nacións, lugares ou condicións sociais. Ser diferente non implica por si mesmo antagonismo co Estado. A diferencia encóntrase na dialéctica do un e do outro na sua vinculación cunha norma estatal. Por exemplo, os bascos e cataláns somos diferentes na común unidade da patria hispana. **[113]**

As singularudades no son comparábeis. Non se remiten a lóxica das diferencias Non hai ningán criterio de desigualdade. Ao dicermos ‘os bascos somos independentes’ , somos unha singularidade. E non existe ningunha regra predicativa que poida distribuir diferencias, e polo tanto desigualdades porque este enunciado de independencia non é comparábel con outra realidade nacional por estar subtraída á norma estatal. Anúlase deste xeito o feito diferencial, xa que dicer 'somos independentes do Estado’, é disxunto do enunciado ‘somos diferentes dentro do Estado’. Ser independente entra na lóxica do Mesmo, é por tanto un criterio de igualdade. Ser diferente, polo contrario, entra na lóxica do *proprio identidario* e do alleo, é un criterio de desigualdade.

Unha política emancipatoria, igualitaria, nacional preséntase sen ser representada ou avaliada desde o exterior a si mesma. Preséntase como Propria, como ela mesma, en interioridade.É igual a calquer outra que se presente como libe-radora. É indiferenciábel desa outra. É a Mesma que a outra.

O Proprio nace da profundidade do ser nacional e integra o alleo, o outro, na sua lóxica.
É o singular que incorpora o universal, e non o universal particularizado. Levar a cabo unha politica propria é decidir, desde un Mesmo, o tipo de organización que como pobo libre se desexa. Non no sentido de mellor ou peor, máis inxusta ou menos inxusta segundo criterios económicos e **[114]** sociais, máis ou menos democrática de acordo a criterios parlamentares, quer dicer, segundo normas doutros. Unha política nacional xusta é unha política deseñada desde si mesma, desde a propria liberdade como pobo, desde o seu proprio nível de preferencias. Non hai que calificala de eficaz ou ineficaz, realista ou non, competitiva ou non,

segundo as regras de comportamento exterior; unha política nacional será igualitaria en canto sexa Propria, singular, e polo tanto independente; cando sexa ela mesma e non outra. Parafraseando a Marx diremos: "A cada pobo, a cada comunidade, segundo o seu proprio esforzo libremente aceptado. A cada pobo, a cada comunidade, segundo as suas proprias necesidades libreaa as mente decididas". Este é o sentido da política nacional de igualdade no devir prescriptivo do seu proceso de liberación. **[115]**

[116]

7- Imaxinarios, teatralidade, acontecimento: Os acordos de Lizarra-Garazi

Que representación e esceniticación son preo-cupacións maiores relacionadas co ser mesmo do Estado, e do estado da situación, é unha cuestión sobre a que se ten pensado desde os gregos. Por non citar máis que a dous autores recentes, temos por exemplo a François Regnault, que no seu libro Le Théâtre et la Mer propón unha reflexión sobre o íntimo vencello que existe entre o teatro e o Estado, e sobre a conxuntura presente do devandito vencello. Antoine Vitez, pola sua banda, propón a idea do teatro como operador de orientación histórica. Xa Mallarmé apontaba na mesma dirección ao indicar que o teatro toca simultaneamente o misterio literario e o misterio do colectivo, a multitude, "(...) posto que na multitude, maxestuosa amplificación de cada un de nós, xaz, ámago, o ensoño!". Por isto, non é de estrañar que ultimamente a política apareza en Euskal Herría revestida das características da escenificación teatral. Como se o teatro fose isomorfo con esa actividade singular que denominamos política **[117]** (non nos referimos á xestión repetitiva do Estado). Público, actores, texto. Cómpre que pensemos, na situación, os etectos deses tres auténticos axiomas da representación, lembrando de paso que os de Mallarmé comprometían na sua época tanto á Multitude (ausente), como á Acción (restrinxida). Portanto, acerquémonos á comprensión do que veu sucedendo en Euskal Herría desde o inicio da tregua de ETA en setembro de 1998 até mediados de abril de 1999.

Podemos constatar que malia a abondosa información ao respecto, existen estratexias, pasos, movimentos e tácticas cuxas verdadeiras razóns escápansenos, ben porque estexan agachadas, ou ben porque a forza do evidente, do críbel, nos impide ver que hai tras o obvio. Daí que se teña que combinar a inferencia do agachado coa análise do manifesto e do manifestado polos diferentes actores deste show.

A tregua significa realmente o que se nos deu a entender? O alto o fogo de ETA é consecuencia de Lizarra-Garazi ou Lizarra-Garazi é a escenificación dun acordo secreto previo? O PNV actuou en todo este proceso en total connivencia co PP ou só parcialmente? A kale-borroka é o auténtico atranco para o avance do proceso de paz? Que hai tras a actual política penitenciaria? É imaxinábel que o goberno español e Aznar fosen sorprendidos polo anuncio de tregua de ETA? E verosímil que a Alternativa Democrática fose abandonada sen máis por ETA e sen comunicarllo a ninguén? **[118]**

Por que se fai tan ditícil pensar desde estas ou parecidas hipóteses, máis que posíbeis? O ser humano en situación de normalidade pensa desde o que se lle dá xa tormalizado e valorado, desde o simbólico-imaxinario. Daí que, ao ser o imaxi-nario en aparencia tan natural e evidente, se nos faga dilícil aceptar que, no fondo, estamos asistindo a unha representación, e que a tarefa de examinar o que espontaneamente é considerado como normal exixa de nós un esforzo suplementar.

O proceso que estamos a viver en Euskal Herría é críbel para unha grande parte da poboación basca. Ten tanta forza porque está baseado nunha realidade verosímil (parécese á verdade), cuxo guión foi pensado e escrito polo Estado español e os seus colaboradores; representado polos diferentes axentes políticos e sociais; imaxinado e simbolizado por quen ten capacidade e medios -técnicos, económicos e persuasivos e coercitivos- para dicer o que está "ben visto e ben dito": o Estado como forza nominativa e normativa e, ao fin, difundida polos massmedia e, en especial, pola televisión que é a maior conformadora de imaxinarios do noso tempo. Todo este proceso refréndase logo por outra instancia chamada opinión pública.

Deste xeito, todo (a)parece lóxico, evidente, seguro, atado e ben atado. Mais, como diría Beckett, "non completamente..." E ese ponto de fuga, que provén do real -fóra de lugar- interrom-pirá o discurso do imaxinario. No proceso político, **[119]** a través dunha torza ausente, ETA, e doutras loítas populares.

Antecedentes

No clima de enorme presión creado polo Estado tras a morte de Miguel Angel Blanco, LAB-ELA, co apoio de Elkarri e outros movimentos sociais tentaron unha saída que se veu denominar "o terceiro espazo", a fin de reconducir o proceso político e fuxir, imaxinariamente tamén, das grandes tensións xurdidas da confrontación directa entre ETA e o Estado. O que se pretendía era mostrar a ETA que os seus obxectivos políticos eran asumidos por un grande sector da sociedade basca e que este, disposto a mobilizarse por eles, faría innecesaria a persistencia da loita armada Son emblemáticas desta fase as célebres consignas pronunciadas por José Elorrieta: "O Estatuto morreu" e "Aquí o único que sobra é ETA". Tras diversas presentacións desta "terceira vía", o acto central íao constituir unha manifestación organi-zada para comezos de decembro do 97. O atentado que lle costou a vida ao concellal do PP, Caso, supuxo o drástico fin desta iniciativa que era apoiada na sombra polos partidos nacionalistas moderados.

É característica deste intre a falta de protagonismo directo dos partidos políticos, vencellados demais aínda ao pacto de Ajuria-Enea e moi marcados todavía pola grande agresividade **[120]** mostrada contra a esquerda abertzale despois do morte de Miguel Angel Blanco.

En febreiro do 98 comezan as conversas entre PNV e HB para chegar a un acordo nacional tronte ás próximas eleccións. Estas conversas déronse nun contexto caracterizado pola sucesión de atentados de ETA, e unha política moi agresiva por parte do Estado. A morte do

concellal Zamareño en xuño do 98, sinala probabelmente o comezo dunha nova fase, sendo a tregua fáctica de ETA (de xullo a setembro) o seu síntoma.

Algúns medios de comunicación deron conta de encontros tidos en Francia durante o verao do 98, entre HB, PNV e ETA onde previsibelmente se estaría deseñando o que posteriormente sería o Acordo de Lizarra-Garazi. Algo que eses mesmos medios -salvo Interviú- non mencionaron, son os contactos que nese período de tempo, sospeitamos se estaban a producir nalgún país europeu entre ETA e representantes do Estado español, supervi-sados por membros da comunidade internacional.

A tregua de ETA e o Acordo de Lizarra-Garazi

Asemella que todos -tanto os defensores do "ámbito basco de decisión" como os do "español de imposición"- coinciden no seguinte ponto: a tregua indefinida unilateral decretada por ETA en setembro do 98, foino tras os acordos alcanzados entre o PNV, EA e HB, que serán coñecidos como **[121]** Pacto de Lizarra (que posteriormente se transformaría no lacto de Lizarra-Garazi). Non obstante, é posibel preguntarse se previa ou simultaneamente a esta primeira esceniticación, a outra parte -o Estado non tería tan siquera a máis mínima información ao respecto. Non será máis ben que a escenificación da surpresa que simulou o goberno trataba de agachar a sua implicación real, previa e secreta, nos acordos que permitiron a tregua de ETA? Aínda que non saibamos con exactitude quen, cando, onde nin que se acordou, podemos intuir que antes dos acordos escenificados, houbo algún tipo de pacto básico entre ETA e o Estado español que contaría cun aval internacional. No devandito acordo de mínimos estarían explicitados, a grandes trazos, as liñas fundamentais dun futuro proceso de paz.

Algúns feitos xa coñecidos apoian esta hipó-tese. ETA, no ano 1995, por mor da presentación pública da Alternativa Democrática, afirmou que unha declaración de alto o fogo pola sua banda suporía necesariamente que o Estado recoñecera o dereito de autodeterminación para Euskal Herría. Nas últimas declaracións efectuadas por ETA a ETB o 29 de marzo de 1999, matizou que o alto o togo definitivo tería que vir precedido do recoñe-cimento da territorialidade e do dereito de autodeterminación. E todo isto, coa intención de cari-ficar as liñas-marco do proceso a unha masa social un tanto confundida diante da sorprendente avalancha represiva por parte do Estado, nun momento de tregua. Coñecida a traxectoria de **[122]** ETA, é difícil imaxinar que declare un alto o togo unilateral, desdicíndose claramente do anunciado na sua Alternativa Democrática e sen ter comunicado ao pobo ese importante cambio de posición.Tampouco pasou desapercibido que "inmedia-tamente despois do anuncio da tregual a Casa Branca deu un apoio decisivo ao proceso de paz" Nin que Bill Clinton excluise a España das nacións con víctimas de terrorismo, na sua alocu-ción diante das Nacións Unidas *(El Mundo*, 24-9-98).

Asímesmo, sospeitamos que o PNV está a xogar un papel central neste proceso -a diferencia das negociacións de Alxer-. E previsibel que teña participado moi activamente no deseño da actual estratexia negociadora xunto co goberno español.
Así parecen confirmalo as declaracións de Rafael

Vera a *El País* o 10 de outubro do 98. Na política antiterrorista -afirmaba Vera- "o goberno do PP pasoulle o testigo ao PNV, que o ten manexado con abelenciosidade e eficacia e terminou, como se di vulgarmente, por levar " a ascua á sua sardiña".
Igualmente, certas declaracións do PSE apontan na mesma dirección cando afirman que PNV e PP manteñen pactadas as suas discrepancias "na superticie" e teñen un "entendimento tácito de fondo" *(El Correo Españo*l, 17-12-98).

Neste sentido, son extraordinariamente recha-mantes o convencimento, a seguranza e o despar-pajo dos que fachendea Xabier Arzallus, en especial nos momentos máis delicados do proceso: "O **[123]** PNV non ten medo porque vai por bo camiño e a batalla está gañada" (Gara, 15-3-99), ou que "limitirá do seu cargo se se rompe o proceso de paz" (*La Razón*, 13-1-99). Esta seguridade parece traslucir un coñecimento a fondo do guión dese-ñado como confirman as declaracións efectuadas polo proprio Arzallus en setembro, despois da sua entrevista con Aznar, cando reclama "máxima discreción", , e pon como exemplo a teoría do iceberg "do que só se ve unha décima parte na superticie. Este proceso, sen moita reserva, non sairía adiante" (*El Mundo*, 30-9-98). Igualmente o proprio Arzallus di que non vai entrar en polé-mica con Aznar porque un proceso de paz ten "unha parte reservada moi importante e delicada" (*El Mundo* 4-10-98). Coñecendo a traxectoria histórica do PNV, e sobre todo ao longo dos anos do pacto de Ajuria-Enea, pode alguén pensar que este partido (e tamén EA), teña apostado de cheo polo actual proceso político, sen ter as costas ben cobertas?

A esquerda abertzale, pola sua banda, tamén articipaba nesa política de ficción e ocultamento. Arnaldo Otegi (8-11-98) dixo que "unha vez que o proceso sexa irreversibel, a publicidade será boa, mais só cando as cousas estexan atadas de antemao." Otegi mesmo sinalaba algo máis tarde que "os datos que temos [sobre o proceso) gardámolos con total discreción, porque a discreción é un bo ponto de apoio". O cal é un bo principio dunha política institucional pactada co **[124]** Estado, mais nunca dunha política liberadora que se basea no respecto ao pobo e no coñecimento da verdade.

O imaxinario social

A necesidade de salvar a cara, de aparecer como triunfador diante da conxuntura negociadora que se aviciña, obriga ao Estado español á construcción dun imaxinario baseado na derrota xudicial, policial e política de ETA e do MLNV. Utiliza como teórico ponto de partida o denominado "espírito de Ermua" subseguinte á morte de Miguel Angel Blanco, a colaboración francesa, as detencións e mortes de militantes de ETA e, sobre todo, a desfeita das estructuras do MLNV que o goberno relaciona con ETA. En definitivo, a estratexia negociadora do Estado baséase en dar unha imaxe de forteza fundamentada no que podemos denominar a táctica do pao e en vender a etectividade desta, afirmando que ETA deu unha tregua unilateral e sen contraprestacións políticas, idea que se traduce no eslogan "Paz por presos". En palabras de Mayor Oreja, a causa determinante da tregua foi "a forteza do Estado de dereito e a coope-ración entre España e Francia" (*Gara*, 6-3-99).

O goberno do Estado veu preparando e fortalecendo a sua actual posición desde bastante antes do anuncio da tregua de ETA. A nova conxuntura que se inaugura coa chegada do PP

ao poder formula un balance no tocantes ao período de **[126]** goberno dos socialistas. Por unha banda, o Estado comprende que xa non pode seguir utilizando a negociación como estrataxema táctica para destruir a MLNV como o fixo o PSOE en Alxe. Por outra, a negociación aparece na nova conxuntura como horizonte real de solución do contlicto, aínda que se pretenda -como non- chegar a ela en posicións de avantaxe para o Estado. Mentres que co goberno do PSOE o pao e a cenoura eran simultaneados polos proprios aparatos represivos do Estado, no segundo proceso as instancias represivas e as integradoras teñen que estar diferenciadas e protagonizadas por axentes políticos distintos. Isto sinálao moi ben Pedro J. Ramírez nun editorial de El *Mundo* (20-9-98) afirmando que era posíbel conducir axeitadamente e efizca-mente a política do pao e da cenoura, distribuindo ambos papeis entre o PP e o PNV: "O pao e a cenoura non poderían ser fornecidos polo mesmo brazo (...) faltaba o 'policía bo que -con sinceri-dade ou impostura- fixera fronte común diante do policía malo (sic]".

Aprendendo daquel fracaso e obrigado pola nova conxuntura, o goberno decidiu que a cachaba non podía estar xa sustentada esencialmente na violencia política directa contra ETA, senón na entrada en funcionamento doutras instancias, como o uso intensivo dos aparatos policial, xudi-cial e mediático tamén contra as organizacións do MLNV e os seus medios de comunicación. O proprio Mayor Oreja repetía que o Estado de **[126]** dereito ten mecanismos suticientes para combatir o terrorismo dentro do marco da lei.

En consecuencia, o goberno español inicia unha política sistemática de ataques ás estructuras do MLNV: encarceramento da Mesa nacional de HB, desfeita da chamada rede de financiamento de ETA, peche de Egin, e persecución e encarceramento do seu consello de administración, acusacións sistemáticas contra a equipa de investigación deste medio e encarceramento de Pepe Rei, campañas de criminalización de AEK, filtracións sobre unha posíbel ilegalización de HB, ameazas contra Jarrai, KAS, etc.

Nese diseño do imaxinario estatal que se inicia a partir da tregua, o "plan pacificador do PP" baséase nos seguintes pontos: separar a negociación con ETA da negociación sobre temas políticos (posíbel reforma ou readecuación da Constitución, dereitos históricos, etc.). Reen-camiñar a política penitenciaria e reparar ás víctimas do "terrorismo" fundamentalmente a través de importantes indemnizacións. Todo isto no marco de Ajuria-Enea, a Constitución e o Estatuto, reterentes claves do consenso anterior ao chamado "novo escenario". Asímesmo, o discurso de Aznar a prol do proceso de paz e o nomeamento de interlocutores visando unha mesa de negociación con ETA (Martín Fluxá, Arriola e Zarzalejos), o visto bo do Exército cara ese proceso, o relaxamento das accións policiais contra a organización armada, e a non belixe- **[127]** rancia diante de iniciativas do Acordo de Lizarra como a asemblea de municipios, etc.

E este plan vaise desenvolvendo sen maiores sobresaltos até fins de ano. Unha das manitesta-cións máis claras do mesmo obsérvase ao longo de toda a campaña electoral de outubro do 98, e especialmente á hora de contormar o goberno surxido das mesmas. Créase artificialmente unha bipolarización de frontes (a artificialidade deste frontismo ponse de manitesto cando o PP rexeita unbo proposta concreta do PSOE para conformar unha fronte

española). Mesmo o acedo debate electoral que se produce durante a campaña para as elec-cións autonómicas de outubro, curiosamente, é de luva branca para con EH, e entra nos esquemas previstos co fin de provocar unha compactación do que se programara como fronte nacional basca e que estaba chamada a formar o novo goberno de Gasteiz, liderado polo PNV, e onde EH entraría nunha dinámica institucional que ao Estado le interesaba moito. Mayor Oreja, sen apenas conter a sua satisfacción, declarou imediatamente despois das eleccións de outubro que "nen estudando durante meses cal podería ser o escenario máis próximo para a paz, tería sido posibel encontrar un obxectivamente tan vital e válido para atrontar a paz, mesmo [tería sido excesivo dicer sobre todo"] o resultado de EH". Tras as elec-cións o PP reafírmase na idea de apoiar un goberno nacionalista. Primeiro, autoexcluíndose do mesmo, e despois manifestando que non é **[128]** partidario de que o PSOE entre a formar parte do Goberno Basco (*El Mundo*, 9-11-98)

Sen embargo, e desde fins do ano 98, comé-zanse a percibir signos de que o proceso está bloqueado. O feito de que se vexan repetidamente frustradas as expectativas creadas arredor do ache-gamento dos presos, que se agardaba para Nadal -tema moi sensibel e que concitara o maior consenso coñecido até o momento en Euskal Herría-. Ao que hai que engadir auténticas provo-cacións como o anuncio -con moito bombo- de traslados de dous ou tres presos a prisóns de Euskal Herría ou próximas, o "acercamento" dos cautivos de Africa ou das illas ás cárceres da península máis afastadas de Euskal Herría, a necesidade de aceptar o terceiro grau e a reinserción para acceder á excarceración e o xogo perverso coas datas para anunciar os posíbeis cambios. Todo isto indica a existencia dun obstáculo real arredor do tema dos presos, e que ameaza con pór en perigo a propria existencia do imaxinario estatal. O rexurdimento da kale-borroka sinala a interrupción do proceso político deseñado.

Xa Mayor Oreja anunciara as suas verdadeiras intencións desde o principio cando situaba a rele-vancia da cuestión dos presos ao manitestar que "se se separa o proceso de paz da negociación polí-tica, a política penitenciaria adquire unha dimensión definitiva" (*El País*, 10-10-98).

Que é o que a organización armada exixe e cal é o papel dos presos neste proceso? No seu comu- **[129]** nicado do 22 de decembro de 1998, ETA sae ao paso lembrando que os termos da negociación non son "Paz por presos" senón que o tema central son os contidos políticos: "(...) tamén sabe, porque tivo o medio e o testemuño oficial para iso, que o que España ten que pactar e acordar con Euskadi Ta Askatasuna é o recoñecimento de Euskal Herría, a sua territorialidade e o dereito a escoller libremente o seu futuro. Nin máis nin menos." Aínda máis, no tema dos presos, sinala claramente que teñen que estar libres para participar no proceso. Afirma que estes, en igualdade de condi-cións que o resto dos cidadáns bascos, quer dicer, "(...) desde a rua, en liberdade e sen ningunha chantaxe", deben participar no proceso cara a soberanía.

A actitude e os discursos dos partidos políticos estatais comezan de súpeto a mudar. O PSOE, que nun principio pedía ao goberno medidas e cambios na política penitenciaria (*El Mundo*, 3-10-98), un mes máis tarde, "exixe ao goberno que rexeite unha negociación política con ETA no extranxeiro e con presos encarcerados en España." (*El País*, 10-11-98). Este mesmo

partido sinala que unha precipitación na política penitenciaria estimularía a actitude reivindicativa do naciona-lismo, cando, ao seu xuízo, a única baza de que dispón o goberno para negociar con ETA é a referida aos máis de 500 presos (*El País*, 8-1-99).

Por parte do PP, tamén en *El País* (11-11-98), Josep Piqué manifesta que "se ETA elixe **[130]** unha relación de interlocutores encarcerados e propón un país extranxeiro como ponto de encontro, vai indicar moitos desexos de montar un número e poucas de negociar en serio" (máis ben sería o contrario: montar un número sería deixar ao Estado en evidencia, co seu imaxinario maltreito; e negociar en serio, sería negociar as agachadas para salvarlle a cara ao Estado). Pola sua banda, Elkarri, en manifestacións ao xornal *El Mundo* (10-12-98) "rexeita a inserción e defende a participación directa dos presos no proceso de paz".

Na mesma liña, Mayor Oreja di que o que ETA "quere é que, a través da presión, cedamos cos presos e abrir despois unha mesa de negociación coa autodeterminación como ponto central". E segue, conscente da centralidade deste ponto, "imos vivir até as eleccións municipais de xuño uns meses nos que van querer derrotar os valores da paz manitestados en Ermua e romper a coesión social lograda entón. Mais non nos van atrapar nesa manobra" (*El País*, 11-1-99).

Na nosa opinión estas declaracións supoñen o inequívoco ponto de ruptura do imaxinario estatal. O feito de que ETA non acepte as mencionadas formulacións dos partidos estatais supón unha ruptura da imaxe do Estado negociador (ideal do eu) e o paso á realidade dun Estado coercitivo, represor (o Superego), que emprega todos os medios represivos para facer ceder ao contrario. Esta violencia percébese agora como desmesurada e sen xustificación algunha. Xa que, o imaxinario [131] anterior baseábase na idea de que ETA e o MLNV estaban derrotados. Con o cal, a que vén esa repre-sión selvaxe? Máxime cando ETA segue a manter a tregua. Para nós, o Estado tendo tracasado no seu reiterado intento de impor os seus criterios para a mesa de negociación, vese obrigado a mostrar a outra taciana, a represiva pura, co fin fundamental de continuar a presionar a ETA e o MLNV para que cedan nas suas exixencias. E para xustificar todas estas medidas violentas que aparecen agora como gratuitas, aterrorizantes e desproporcionadas, magnifica calquer resposta da kale-borroka por pequena que sexa. Isto conduce a xenerar un amplo malestar, mesmo nas suas proprias bases, que non se explican ben esta viraxe.

En calquer caso, o obxectivo último desta violencia non se dirixe -como algúns cren errone-amente- contra o Pacto de Lizarra, senón, principalmente, a que ETA ceda nas suas formulacións. Supoñamos por un intre o serio quebranto que representaría nese imaxinario prepotente que o Estado creara -e que por mantelo chega mesmo a facerse o surprendido diante do anuncio da tregua- o teito de que determinados presos saisen do cárcere para participar nas negociacións políticas ETA-Gobierno. Isto significaría claramente que as conversas terían un carácter eminentemente político, baseado nos contidos políticos do proceso de paz. e que toda a ficción inicial de separar o proceso de paz da negociación política se viría abaixo, porque os dous procesos se fundirían nun, **[132]** cuxo referente principal sería a mesa de conversacións entre ETA e o Estado. Daí procede o agudizamento do conflicto en todo o que levamos de ano, e a posta en práctica por parte do goberno da política do "todo

vale" con tal de facer ceder ao contrario. Así, por exemplo, pódese explicar a campaña esmagadoramente repetida por PP y PSOE, de que é ETA a que dirixe a política nacionalista (*Deia*, 18 e 19-11-98), ou a nova orientación do plan que tiñan para coa Asociación de Víctimas do Terrorismo, convertíndoa case no único axente reactivo non institucional, a prol da política penitenciaria do PP, levándoa incluso até a aberración de pedir que deixasen morrer no cárcere ao preso tolosarra Esteban Esteban Nieto. Cando todo parecía indicar que existía un acordo básico entre o Estado e Lizarra-Garazi para homo-xeneizar a todos os afectados polo contencioso desde a lóxica estatal da sua condición de "víctimas", acalalos e a continuación desactivalos como intervintes políticos no proceso mediante compensacións morais e sobre todo económicas, tentando eliminar o abismo infranqueábel que hai entre militantes e verdugos.

Lembremos tamén as detencións relacionadas co comando Donosti, a morte do militante de ETA, José Luis Geresta, a requisa de material informático e documentación da sede de HB de Donostia, a segunda detención de Pepe Rei, etc. E todo isto xustificado coa célebre frase do ministro do Interior de que "o Estado non está en tregua". **[133]**

O imaxinario Lizarra-Garazi

A irrupción do real (kale-borroka, interven-cións de solidarios cos presos, comunicados e comparecencias de ETA....), como xa temos visto, fainos comprender a natureza e límites do imaxi-nario, e tamén as características e os componentes de cada proxecto. Isto permítenos, en intres moi concretos que non sempre, sospeitar que a confrontación entre membros dos sinalados imaxi-narios ten moito de escenificación, de reparto de papeis, dun guión do que só algúns coñecen as claves.

Este segundo imaxinario constituíuse sobre a idea da suma. Neste sentido, chegouse á conclu-sión de que a anterior loita político-militar sostida basicamente por ETA dividía aos nacionalistas e, en consecuencia, restaba (lembremos a frase de Elorrieta de que " aquí o único que sobra é ETA"). Suponse que a anterior era unha política destructiva, na que todo se reducía a mortes, sofremento -proprio e alleo-, violencia, en resumo paixón e morte do pobo basco", sen que se teña construido nada, nin se teña sementado nada, "sen que teña habido resurrección algunha". Presentábasenos unha contraposición entre a anterior estratexia "militarista" e a actual vía "política". De súpeto, a considerada, para algúns, "esencia inmemorial do pobo basco" aparece encarnada, sen saber cómo nin porqué, en Lizarra-Garazi. Polo visto, había unha semente orixinal do pobo basco, sen que **[124]** ningun tivéra sementado, nin coidado...., de súpeto, comeza a dar os seus troitos, téndose aforrado todas as tases de nacimento, crecemento, sacrificios, coidados mil.., pretendendo ignorar toda a dura laboura que vai desde a sementeira até a maduración do froito, atirmándose ademais que a devandita laboura toi prexudicial para o troito. B mesmo, insinuándose que a suposta esencia inmemorial basca e a conciencia nacional terían acordado antes e con maior pulo de non ter mediado o traballo do agricultor.

"Cómpre que algúns abalen a árbore para que outros recollan e xestionen os froitos", segundo a maxistral condensación feita polo máximo dirixente jeltzale. Esta frase recoñece a relación

existente entre a loita do MLNV e os efectos que poida producir na sociedade. Sen embargo, é imprescindibel, desde o imaxinario de Lizarra, separar ambos procesos, de xeito que apareza diante do pobo que para a colleita e comercialización do froito non sexa necesario, senón máis ben contraproducente, o abaladoiro da árbore, propondo por contra, que, como di o dito popular: "o froito caia de puro maduro."

Lizarra-Garazi declara desde o seu nacimento que a sua política é constructiva, de iniciativas, da grande maioría social dos abertzales e non só dunha minoría radical e armada. Esta vía política é a que posibilitou, por primeira vez, a creación dun campo de encontro dos abertzales. Daí, que algúns non se recaten en dicer que a grande contri- **[135]** bución de ETA a este proceso de paz. é ter deixado as armas. Ou ben que cómpre abandonar o círculo pechado da violencia (a tamosa espiral acción-reac-ción) que levaba sempre ao mesmo ponto. Aínda máis, entre as grandes virtualidades do Pacto estaría a capacidade de transtormación de todo aquel que se integre na sua lóxica. Gracias ao espi-rito de Lizarra-Garazi, o PNV e EA convertironse por fin en abertzales, en aliados. Estaríamos deste xeito no ponto alfa da política. As declaracións de Castaños (representante de HB) na presentación de EH, resume ben o devandito ponto alfa: "EH abriu un novo ciclo na historia do noso pobo". Este novo ciclo inaugura unha nova fase "ilusionante"

O corte imaxinario que constitue a esencia de Lizarra-Garazi, despregase en ideas-forza que arte-lan un discurso de aparente novidade -en realidade, é o vello discurso do Estado-, e que se contrapoñen aos que supostamente xeraba a fase anterior. Termos clave do mesmo son ilusión, esperanza, pluralidade, moderación, víctima, calma, serenidade, consenso, flexibilización, escenario, movimento social, maioría/minoría.... No seu atán por homologarse coa nova situación chegan a reutilizar algúns termos da política estatal: "cintura política" (ou como abandonar o proprio sen parecelo), militante social (imposibel político co que se designa ao militante abertzale que segue cegamente as consignas de Lizarra-Garazi) e "blindar Lizarra" (contra quen: contra os de fóra ou contra os de dentro?). **[136]**

Como é lóxico, o papel principal sustentador desta ilusión correspóndelle a EH. Non en vá é a formación política que goza aínda da credibilidade imprescindíbel para que un importante sector do Pobo basco se poida incorporar ao proceso xerado polo imaxinario Lizarra-Garazi, sector que aínda mantén un grande receo cara os partidos nacionalistas e cara as institucións bascas. Non é de extrañar, polo tanto, que o discurso de Euskal Herritarrok bascule entre un radicalismo verbal de natureza independentista e expresións tranquilizadoras dirixidas ao poder, como cando Otegi deslizou, en vésperas das eleccións de Outubro do 98, a afirmación de que un referendum sobre o dereito de autodeterminación requeriría de maio-rías amplas en Euskal Herría: falou da necesidade de un 65% ou un 70% de votos afirmativos.

O termo *ilusión* resulta moi mimado nos discursos dos entornos de EH. Así, por exemplo, Jesús Valencia (*Euskadi Información*, 19-11-98) manifestaba o seguinte: "O acordo -de Lizarra- é xa viveiro de ilusións comúns e pretende convertirse en eixo de dinámicas compartilladas". mesmo Otegi, en datas análogas afirmou o seguinte sobre a Asemblea de Concellos Bascos: "Da Asociación de Concellos Bascos nacerá unha especie de goberno provisional desta institución na que si vai estar HB" (*Euskadi Información*, 29-11-98).

Asemella inegábel pois que até fins de ano a connivencia entre os dous imaxinarios estivo ben **[137]** vixente. O obxectivo político último desta estra-texia consistía en tacer da secuencia anterior (o antagonismo MLNV-Estado dos últimos veinticinco anos) un impensábel político. O desartella-mento de tal política baseábase en separar o 'terro-rismo" (baixo o nome xenérico de "violencia") dos obxectivos políticos independentistas, utilizando para iso un principio de interés que procuraba disociar a actividade militante anterior do seu contido real, empregando un principio estatal de "ilusión" ', facendo como se o "motor" subxectivo dos cambios tiveran sido "as ilusións mantidas pola maioría nacionalista". Esta división, lonxe de ser algo específico da política de Euskal Herría, é unha invariante nas fases finais dalgúns modos da política. Así, podémolo seguir ao fin da secuencia política da Revolución francesa (1794) e comezo da Convención Thermidoriana.

Sen embargo, a aparición do real e a reacción virulenta do Estado diante do escollo das negociacións con ETA, terá os seus efectos sobre o imaxi-nario Lizarra-Garazi. Mentres que desde setembro até finais de ano se mantiña a división de roles entre o bloco español e o nacionalista na representación convida do proceso de pacificación de Euskal Herría, a partir desta data vai haber unha inflación subxec-tiva que mostra a necesidade do imaxinario Lizarra-Garazi para conxurar a presencia de quen realmente o move, o real da loita do MLNV.

A fins de xaneiro, unhas declaracións de Mayor Oreja supoñen a desaparición do imaxinario **[138]** estatal e o signo inequívoco de que o real irrompe na escena política dominando a conxuntura. Comeza un ciclo represivo descarnado no que o Estado, abandonando a pose de imaxinario-dialogante -aínda que en contlicto dialéctico co bloco nacionalista, pasa da controntación imaxinaria á coacción real. Isto, á sua vez, repercute en Lizarra-Garazi obrigándolle a que o seu traxecto ilusio-nante apareza cada vez con máis visos de realidade, sen deixar de ser imaxinario. A presión do Estado, en troques do debilitamento do imaxinario Lizarra-Garazi, o que provoca é o reforzamento do que temos denominado a sua inflación subxectiva, nun intento de conxurar a aparición do real (a volta á escena de ETA e a kale-borroka).

Resumindo. O obstáculo da negociación ETA-Estado orixina a irrupción do real, do conflicto, e o antagonismo existente antes da tregua de ETA. A influencia dese real sobre o imaxinario do Estado conduce á desaparición dese imaxinario e a volta do Estado ao seu papel aterrorizante, que agora se ve como arbitrario e innecesario. A influencia sobre o imaxinario Lizarra-Garazi, sen embargo, manitéstase en sentido contrario, quer dicer, nunha exacerbación do imaxinario, o cal aparece a ollos do Estado identificado co real (a política de ETA), xa que ao desaparecer a ficción estatalista, o imaxinario de Lizarra fica atrapado polo antagonismo anterior. Para sair dese atoamento cómpre que os componentes de Lizarra-Garazi realicen un simulacro aínda maior, aparen- **[139]** tando un agudizado antagonismo ficticio co Estado e baleirar deste xeito o movimento do real.

Esta inchadura do imaxinario móstrase no desexo exacerbado de manter a secuencia imaxinara, ante os ataques do Listado, procurando como sexa que ETA non rompa a sua tregua. Para iso, aparece un discurso que pretende facer ver que a vontade do Estado é

precisamente voltar á situación anterior á tregua, como se Aznar pretendese, ante o avance "empurrador" de Lizarra-Garazi, cargarse o proceso de paz e volver á epoca dos aten-tados. Así, desde entornos próximos á esquerda abertzale xurde a necesidade de "blindar Lizarra" Quer dicer, tentar excluir ao real nunha chamada desesperada á unidade dos partidos políticos nacio-nalistas. Así, Josu Perales sinalaba que "(...) O Mayor quere a guerra, nós queremos a paz. Tócanos sair á rua para parar esta carreira cara a guerra que non desexamos" (*Gara*, 15-3-99).

Comeza a aparecer un discurso máis coesionador, de tipo defensivo, acompañado de accións consensuadas, maioritarias, tais como paros dunha hora, manifestacións multitudinarias, concentracións diante dos concellos o día do Aberri Eguna, folgas de fame conxunturais, etc. Todo iso co denominador común de manter a unidade dos partidos agrupados en Lizarra-Garazi para seguir sustentando a virtualidade do devan-dito imaxinario. A inflación do imaxinario tamén se mostra na reconstrucción mental e ficticia do elemento simbólico estatal, que parece dotado **[140]** dunha grande autonomía: o parlamento de Gasteiz, os concellos... As institucións bascon-gadas desenvolven unha actividade frenética, como se en realidade se dispuxera de soberanía real e capacidade propria de decisión. Ouvense discursos, surxen declaracións, irrompen novas organiza-cións, que son interiorizadas no imaxinario colectivo como case-soberanas, como se dispuxéramos, ficticiamente, dun Estado proprio. O ilusionismo expándese e Otegi chega a dicer que o próximo ano celebraremos a independencia en Iruñea. O fin de todo isto é impedir que a desesperanza e a desilusión invadan os sectores nacionalistas implicados en Lizarra e que o imaxinario construido non perda credibilidade. Trátase dunha fuga completa cara adiante, tentando mostrar ao pobo que a blindaxe de Lizarra e a desaparición das formas de loita anterior son a garantía dun avance real do proceso, precisamente nunha fase na que está a atravesar unha crise.

As organizacións do MLNV contribuiron poderosamente a soster o imaxinario estatal, quer dicer, a soster que a política actual representa un corte coa anterior, colaborando con iso a dar a sensación de que o proceso anterior á tregua cons-tituira, de feito, un fracaso. Porque o interés do Estado consistiu en eliminar toda referencia á fase previa e destruir calquer sinal de identificación do novo proceso con ela: detención da mesa nacional anterior, desaparición de *Egin*, detención e proce-samento do suposto aparato de finanzas de ETA, **[141]** detención do consello de administración e do director de Egin, proceso á equipa de investigación de Egin, desaparición practicamente real das siglas HB, petición de ilegalización de KAS, ameaza de ilegalización de Jarrai e persecución policial e xudi-cial dos seus dirixentes, ataque desmesurado á kale-borroka, etc.

Aquí, ao noso xuízo, as organizacións do MLNV non estiveron á altura das circunstancias: a anterior Mesa nacional entrou no xogo xudicial de Garzón e ademais foi substituida por outra que aparentaba desmarcarse da anterior, malia a oposición dun importante sector do pobo. O xornal *Egin* foi pechado, apenas se opuxo resistencia, e foi substituido por outro órgano de expresión, o que se interpretou como un cambio da política informativa previa. Pepe Rei e a sua equipa da sección de investigación fican excluidos do *Gara*. O xurdimento da nova coalición, EH, foi presentada como unha anticipación, extrañamente, ao perigo dunha posibel inminente ilegalización de HB. Antigos representantes de KAS saen nunha roda de prensa

declarando que KAS xa se disolvera había cinco anos, pretendendo así frenar un posíbel enxuizamento dos seus integrantes. HB asina documentos, aínda que ambiguos, condenatorios de "todas as expresións de violencia", mentres que algunhas accións da kale-borroka son cualificadas por representantes de EH como fóra do "proceso de reflexión" da esquerda abertzale. A propria linguaxe cambia e adáptase ao novo imaxi- **[142]** nario; así a Alternativa Democrática substituese polo proxecto de Lizarra, o dereito de autodeter-minación por "o ámbito basco de decisión" er sospeitosamente, ninguén fala del *Oldartzen*, convertido no canalla que hai que agachar. O discurso do "victimismo", clásico do poder, apro-prianse del, sen crítica algunha, as organizacións da esquerda abertzale. En resumo, trátase de baleirar todo aquilo que teña que ver coa manifes-tación da antiga política de antagonismo. Entre nós, qué ía impedirlle ao Estado, se o tivese pretendido, pechar o *Gara* e ilegalizar EH, ou deter á nova Mesa Nacional, por exemplo, se non existise anteriormente un pacto previo?

O traballo do real

Poderíamos definir o real, como aquilo que escapa continuamente á simbolización; é, polo tanto, inconsistente. O real que segue a actuar en Euskal Herría constitúeno os movimentos populares que perseguen os seus obxectivos de sempre: territorialidade, dereito de autodeterminación e o seu exercicio para Euskal Herría. O seu alvo non é sentirse cómodos en España senón ser independentes desta. O real traballa neste caso por medio de prescripcións, enunciados da política, que comprometen aos suxeitos na sua consecución. Dito doutro xeito, non deixan a política en maos de terceiros senón que toman nas suas maos as rédeas do proceso, de certo sen rexeitar o que **[143]** Lizarra representa -en canto real- mais levándoo non exclusivamente ao campo da ilusión e do movimento teledirixido, senón ao campo no que a loita e a construcción nacional están inseparabelmente unidos.

Vexamos entón como se pode entender o termo ilusión desde o real: "A nós concírnenos o non crear falsas expectativas nin ilusións inmediatistas, Pois faríamos un magro favor a Euskal Herría. Tócanos manter a ilusión en que conseguiremos os obxectivos polos que loitamos; ilusión baseada no traballo cotiá, nun longo camiño que vai estar cheo de trampas e encerronas. Non con xestos senón con feitos, campos rozados día a día, o que temos que aportar a este proceso" (J. Urrutikoetxea. *Euskadi Información*, 21-10-98). Ponto de vista que corrobora K. Martínez de Apestegia (*Gara*, 22-2-99): "O proceso soberanista que se vive en Euskal Herría é ilusionante por real... A liberación de presos vai ser unha consecuencia do inicio real do proceso. Podemos falar de confianza nas nosas forzas, mais non do tempo que nos vai custar facerlles renunciar a esa chantaxe permanente". Este último autor nomea precisamente o termo que consideramos máis correcto para definir a situación subxectiva dun militante, referímonos ao termo de *confianza* na propria persistencia, e non na ilusión que podería supor que hai que esperar a que outro (un imaxinario pouco activo, inactivo ou contemplativo ou ben un hiperacti-vismo artificial) solucione a cuestión. **[144]**

Neste eido son antagónicos aqueles que, como os thermidorianos pretenden desartellar esta polí-tica, separando a toita e os obxectivos políticos. Porque un proceso de construcción sen resistencia signitica *construir* no deserto (imaxinariamente, no espazo do outro), e un proceso de resistencia sen construcción, e un proceso simplesmente anti-represivo, sen dirección e

desnortado políticamente (o cal tamén leva, inevitabelmente, a cair no espazo do outro). Daí que desde o real se sosteña que calquer tipo de loita é respetábel, que as actuais posicións implican a unión da anterior fase coa actual, entendendo deste xeito que a Alternativa Democrática está na base do acordo de Lizarra-Garazi, ou tamén que o actual é a continuación do anterior, o cal implica que non hai ruptura entre verdade e suxeito, pois este ten de soster o proceso de verdade ao longo de todo o traxecto, alomenos mentres non poida falarse dun cese da política. Enfin, que se trata dunha mesma política axeitada ás distintas fases, e non o final dunha política e o comezo doutra. Os suxeitos reais aparecen na política correspondente a esta nova fase de forma diferente: ETA, a través dos comunicados e as comparecencias, nunha tregua que por agora é só indefinida; a kale-borroka, a loita dos presos, a loita dos solidarios cos presos, etc.

Cómpre pois a combinación da formulación de proxectos coa loita pola sua construcción. Así Víctor J. Rollán (*Gara*, 1-3-99) manifestaba o **[145]** seguinte: "ETA decidiu impulsar un proceso constituinte basco mais a esquerda abertzale nin decidiu nin pode decidir desarmarse, xa sexa ideo-loxicamente ou ben a través dunha desmoraliza-ción demorada ou de calquera outra forma, xa que iso constituiría un auténtico suicidio político.
Cremos ilusamente que a esquerda abertzale comezou a fortalecerse a partir da tregua?"
Por último, nada mellor que ver o que a propria organización pensa da natureza e función do imaxi-nario Lizarra-Garazi entendido desde o real (25-2-99). ETA defende a necesidade de que o proceso aberto dea como froito "o solar no que se construirá Euskal Herría, de xeito que Euskal Herría na sua totalidade, entre devagar desde os ollos até o corazón dos cidadáns bascos e dos de fóra". O comunicado argumenta que esta tarefa de construcción ten que levarse adiante á marxe de que Euskal Herría careza polo momento de "arquitectura xurídica ou encaixe legal". ETA cre chegado o momento de "pór os alicerces da Euskal Herría do futuro" e avoga por dar "forma e formato" ao país, "na dinámica global e tamén área a área". "Hai que deseñar e pór en marcha os precedentes de todos os recursos que necesita un país libre. A actuación das forzas parti-darias de Euskal Herría ten que realizarse desde o ponto de vista dun pobo libre, reclamando todos os dereitos que temos como pobo libre e póndomos en camiño de conseguilo." Abondando no devandito, cómpre reflexionar sobre este parágrato de ETA, no seu comunicado **[146]** do 6-11-98, pois parécenos substancial: "Así pois,
o Goberno español ten que recoñecer que a maioría dos cidadáns dunha parte de Euskal Herría apoia o acordo de Lizarra-Garazi, e ten que, en consecuencia, aceptar o contido político deste acordo. E, aínda que desde o actual marco político-institucional pareza política-ficción la cursiva é nosa] ETA está convencida de que o acordo de Lizarra-Garazi conseguiría o acordo da maioría, incluso nunhas eleccións que abran-guesen toda Euskal Herría ou nun referendum. O futuro confirmaranos nesa crenza"

A xeito de conclusión temos que sinalar que, ao noso xuízo, a visita que realizaron a Washington Aznar e Mayor Oreja o 14 de abril pasado, pode ter importancia en relación ao futuro e quizais supoña un certo desbloqueo do parón no que estaba sumido o proceso de paz desde principios de ano. Que nós saibamos, só Anasagasti en *Deia* (18-4-99) atreveuse a desvear a verdade do motivo desa visita, coidadosamente agachada na grande maioría dos medios de comunicación, cando apontou a reprimenda, "o tirón de orellas" que Clinton lles propinara aos dous mandatarios espa-ñois pola incompetencia demostrada no desenvolvimento do proceso de paz, demandándolles un cambio de rumo. Os cambios de

posición do PSE-PSOE e de UA que reclaman agora "un diálogo sen exclusións", poden ser síntoma do sinalado. compreio do e edipar, para unia de mota [**147]** dunha instancia internacional que co obxecto de voltar a dar vida aos dous imaxinarios, tenta resi-tualos nunha dialéctica semellante á do comezo do proceso.

Confiamos en que -malia o prepotente imaxi-nario estatal e a escaseza de homes levados pola verdade a determinación, entrega, coraxe e amor a liberdade de Euskal Herría do sector máis consciente do noso pobo poida superar as presións, coaccións, violencias e enganos que atrancan o seu camiño, e lograr deste xeito un país libre e dono do seu destino. Confiamos tamén en que os cidadáns de Euskal Herría, interpelados por aquilo que o ser humano é quen de facer por amor, desexen, animen, alégrense e aposten por unha ruptura definitiva do imaxinario e a sua conversión nun proceso de construcción real, coa correspondente saída do escenario audio-visual.

Euskal Herría, abril, 1999. **[148]**

BADIOU eta GU



BERRARGITARATUA
2025

gertarazten argitalpenak

http://badiouetagu.eus